

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 15 DE XANEIRO DO 2026.**

**ASISTENTES:**

|                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>Presidente:</b><br/>MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p> <p><b>Membros que asisten:</b><br/><br/>POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA<br/>BARREIRO REGO ANA ISABEL<br/>PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO<br/>BRION SANTAMARIA JUANA MARIA<br/>PEREZ GOMEZ CARMEN<br/>MUÑOZ MUÑOZ ELADIO</p> | <p><b>Interventor:</b><br/>BAO CASTRO PABLO</p> <p><b>Secretario Xeral:</b><br/>SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p><b>Membros que non asisten:</b><br/><br/>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE</p> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día quince de Xaneiro do Dous mil vinte e seis, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES - XGL 02/01/2026**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 02/01/2026

**2.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES - XGL 08/01/2026**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 08/01/2026



### **3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202601/040**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 08/01/2026. DECRETO: “REQUIRIMENTO DE EMENDA DA DOCUMENTACIÓN ACHEGADA AO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIAGNOSE DE SITUACIÓN E USOS DO MERCADO MUNICIPAL E FORMACIÓN MENTORING PARA OS PRACEIROS”

### **4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202601/060**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 09/01/2026. DECRETO: “CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POR “RENOVACIÓN DA LIÑA DE SANEAMENTO E REPOSICIÓN DOS PAVIMENTOS DA RÚA DELICIAS E DA RÚA DUNAS (CORRUBEDO)””

### **5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202601/062**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 09/01/2026. DECRETO: “CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE “REPARACIÓN, MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE VÍAS E ESPAZOS DE USO PÚBLICO DO CONCELLO DE RIBEIRA””

### **6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202601/063**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 09/01/2026. DECRETO: “CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DA LIÑA DE SANEAMENTO E REPOSICIÓN DOS PAVIMENTOS DA RÚA DELICIAS E DA RÚA DUNAS (CORRUBEDO)””

### **7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202601/090**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 13/01/2026. DECRETO: “ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO ACROBÁTICO E DE HUMOR “PIENSA EN WILBUR””

### **8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)**



Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6556 14.03.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., realizar unha rede de baixa tensión soterrada de 18 m. para proporcionar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar situada na rúa Miguel Rodríguez Bautista, 25, Ribeira, (2023 COMU000150)

---

**9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8989 11.04.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., instalación dunha liña de baixa tensión soterrada de 26 m. de lonxitude, para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, no lugar de A Graña (2023 COMU000202)

---

**10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

10108 24.04.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., instalación dunha liña de baixa tensión soterrada de 32 m. de lonxitude para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar na rúa Agro da Area, nº 11, Ribeira, (2023 COMU000232)

---

**11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

2795 01.02.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., para instalación dunha canalización de 21 m. de lonxitude para proporcionar subministro eléctrico para uso terciario, no lugar Sirves (2023 Comu000065)

---

**12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

10212 24.04.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., instalación dunha liña de



baixa tensión soterrada de 62 m. de lonxitude para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Olveira de Arriba, (2023 COMU000237)

---

**13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

16239 04.07.2023 UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD S.A., instalación dunha liña de baixa tensión soterrada de 19 m. de lonxitude con obxecto de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar no lugar de Sirves (2023 COMU000387)

---

**14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

10653 28.04.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., instalación dunha liña de baixa tensión soterrada de 19 m. de lonxitude para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar na rúa Miguel Rodríguez Bautista, 25, Ribeira, (2023 COMU000243)

---

**15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26038 09.11.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., instalación dunha liña de baixa tensión soterrada de 51,00 m. de lonxitude con obxecto de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, na rúa Sidreiras, Ribeira(2023 COMU000600)

---

**16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

15709 27.06.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., instalación dunha liña de baixa tensión soterrada de 62 m. de lonxitude con obxecto de dar subministro eléctrico a un bombeo municipal de augas residuais situado no lugar das Saiñas, Palmeira (2023 COMU000371)



**17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (10)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11725 11.05.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., instalación dunha canalización de 24 m. de lonxitude para proporcionar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar no lugar da Ameixida (2023 COMU000269)

**18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (11)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

29589 04.12.2024 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., realizar unha rede de baixa tensión soterrada de 13,00 m. para dar subministro eléctrico para uso público no lugar dos Agueiros, Olveira (2024 COMU000530)

**19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (12)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

30871 19.12.2024 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., instalación dunha liña de baixa tensión soterrada de 24 m. de lonxitude con obxecto de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar na rúa Bouciña, Palmeira (2024 COMU000551)

**20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Carmen Pérez Gómez**

**Visto** o escrito presentado por **Carmen Pérez Gómez**, de data 12/01/2026 (Rexistro de entrada nº 717), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A043001260000KT (LUGAR DE BRETAL, 195, POLIGONO 43, PARCELA 126, FONTE- 15969, RIBEIRA) neste termo municipal.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 14/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A043001260000KT (LUGAR DE BRETAL, 195, POLIGONO 43, PARCELA 126, FONTE- 15969, RIBEIRA) neste termo municipal non ten**



pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

## 21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Domingo Mos Argibay

**Visto** o escrito presentado por **José Domingo Mos Argibay**, de data 12/01/2026 (Registro de entrada nº 704), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 1505400MH91D000 IZP (LUGAR DE ARTES, GUDE, Nº 10, 15969, RIBEIRA) neste termo municipal.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 14/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 1505400MH91D000 IZP (LUGAR DE ARTES, GUDE, Nº 10, 15969, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

## 22.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Francisco Rama Rivas

**VISTO** o expediente relativo á solicitude formulada por **D. Juan Francisco Rama Rivas** sobre **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE DE SEGREGACIÓN** para parcela con ref catastral **15074A94000313**.

**VISTO** o informe emitido polo arquitecto municipal de data **22 de decembro de 2025** no que literalmente se conclúe que:

*As dúas porcións da parcela 15074A94000313, segundo o indicado no artigo 150 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que indica que:*

*“Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos ficará suxeita a licencia municipal, salvo que o Concello declarase a súa innecesariedade.*

*Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:*

*a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.*

*b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.*

*c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe”*

Neste caso, dado que a parcela de orixe conta con distinta cualificación do solo, será innecesaria a licenza de segregación das porcións de parcela con diferente cualificación urbanística dentro da clasificación de solo de núcleo rural ca que contan: Solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas (SNR-B) e Solo de núcleo rural en áreas pouco consolidadas (SNR-C).

**VISTO** o informe do secretario xeral da Corporación de data **9 de xaneiro de 2026**,



**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**:- En relación á solicitude presentada por **D. Juan Francisco Rama Rivas** sobre **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE DE SEGREGACIÓN** para parcela con ref catastral **15074A94000313** **DECLARAR QUE NON É NECESARIO O OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN**

**SEGUNDO**:- **NOTIFICAR** o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### 23.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Suchanan Bartsch Notayot

**Visto** o escrito presentado por **Suchanan Bartsch Notayot**, de data 10/12/2025 (Rexistro de entrada nº 29.527), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A001001510000KZ (LUGAR OUTEIRO, 85, ARTES -15969, RIBEIRA) neste termo municipal.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que  
**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A001001510000KZ (LUGAR OUTEIRO, 85, ARTES -15969, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

### 24.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Comunidade de Propietarios Saíñas

**Visto** o escrito presentado por Asesoría Beny García Asociados, S.L., en representación de **Comunidade de Propietarios Saíñas**, de data 01/12/2025 (Rexistro de entrada nº 28.846), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A83800715 (LUGAR: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAÍÑAS- CIF H-70549696, RIBEIRA) neste termo municipal.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 09/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que  
**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A83800715 (LUGAR: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAÍÑAS- CIF H-70549696, RIBEIRA) neste termo municipal non ten**





pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

#### 25.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Rebeca González González

Visto o escrito presentado por **Rebeca González González**, de data 12/12/2025 (Registro de entrada nº 29.742), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A031003240001LX (LUGAR MUIÑOS. OLEIROS 3 Polígono 31 Parcela 324, -15993, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A031003240001LX (LUGAR MUIÑOS. OLEIROS 3 Polígono 31 Parcela 324, -15993, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

#### 26.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Rivas Ríos

Visto o escrito presentado por **José Rivas Ríos**, de data 09/08/2025 (Registro de entrada nº 19.133), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A921011060000US (LUGAR DE RUA FAXINDE, 14 AREEIROS, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A921011060000US (LUGAR DE RUA FAXINDE, 14 AREEIROS, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

#### 27.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Jesús Manuel Fernández Prol

Visto o escrito presentado por **Jesús Manuel Fernández Prol**, de data 05/12/2025 (Registro de entrada nº 29.268), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A032003610001LO (LUGAR MUIÑOS, 10 B, OLEIROS -15993, RIBEIRA) neste termo municipal.





**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A032003610001LO (LUGAR MUIÑOS, 10 B, OLEIROS -15993, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

---

#### 28.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Antonio Varela Teira

**Visto** o escrito presentado por **José Antonio Varela Teira**, de data 16/12/2025 (Registro de entrada nº 29.889), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8984142MH9088S0001OP (LUGAR RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO, 49,-15965, AGUIÑO, RIBEIRA) neste termo municipal.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8984142MH9088S0001OP (LUGAR RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO, 49,-15965, AGUIÑO, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

---

#### 29.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Manuel García Santos

**Visto** o escrito presentado por **José Manuel García Santos**, de data 16/12/2025 (Registro de entrada nº 29.824), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A036009310000KK (LUGAR DE PALMEIRA, LIXÓ 3 B, 15959, RIBEIRA) neste termo municipal.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A036009310000KK (LUGAR DE PALMEIRA, LIXÓ 3 B, 15959, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

---

#### 30.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Enrique Manuel Blanco Parada



**Visto** o escrito presentado por **Enrique Manuel Blanco Parada**, de data 09/12/2025 (Rexistro de entrada nº 29.409), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074003010160000KY (LUGAR OUTEIRO, ARTES - 15969, RIBEIRA) neste termo municipal.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074003010160000KY (LUGAR OUTEIRO, ARTES -15969, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

### 31.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Álvaro Muñiz Ventoso

**Visto** o escrito presentado por **Álvaro Muñiz Ventoso**, de data 17/12/2025, no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0816111NH0101N00010F (LUGAR RÚA DE GALICIA, RIBEIRA 31-15960, RIBEIRA) neste termo municipal.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

**-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0816111NH0101N00010F (LUGAR RÚA DE GALICIA, RIBEIRA 31-15960, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

### 32.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas

**Visto** o escrito presentado polo **Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas**, de data 02/01/2026 (Rexistro de entrada nº 148), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 3849105NH0134N.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 12/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

#### 1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 2 de xaneiro de 2026.

#### 2. OBXECTO DO INFORME



Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela. Só se informa ao respecto da normativa de aplicación, non se autoriza ningunha obra en base a este informe.

### 3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

### 4. CONSIDERACIÓNS

#### 4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de informe para a tramitación do expediente de Expropiación forzosa para a execución da obra de "Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo suroeste á cidade de Santiago", ca Clave AC/22/051.06, na parcela catastral 3849105NH0134N, e plano parcelario folla 04 de 13.

#### 4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 3849105NH0134N, no seu plano 3.1 de Clasificación e cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos, a escala 1/2.000, coma solo urbano Residencial media colectiva aliñada, artigo 154 do PXOM (Ordenanza 5) e solo urbano dotacional de espazos verdes públicos, artigo 159 do PXOM (Ordenanza 8.1).

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, e segundo a DT1ª.2.a. da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 5. Residencial media colectiva aliñada, artigo 154 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as zonas de solo urbano que presentan un desenvolvemento de carácter lineal apoiadas na rede viaria e que son utilizadas con fins residenciais colectivos. Perséguese completar a edificación existente ca tipoloxía mais usual neste tipo de implantacións, edificacións entre medianeiras tendendo a crear un ambiente mais urbano.

Trátase dunha vivenda colectiva ca planta baixa destinada fundamentalmente á implantación de usos terciarios estando as restantes destinadas a vivenda.

#### 1.1.- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

#### 1.2.- Usos globais

**Uso global:** Residencial no nivel medio

**Uso característico pormenorizado:** vivenda colectiva



**Usos admisibles:** só se admitirán ademais do uso característico as oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais. Tamén será admisible o uso dotacional na medida que poda equipar ao barrio dun servizo definitivo.

### 1.3. Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria para esta zona é a de vivenda colectiva acaroada - aliñada.

## 2. Parámetros da edificación

### 2.1. Condicións da parcela

**Parcela mínima:** 100 m<sup>2</sup>

**Fronte mínimo:** 6 m

Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas permitirase a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m., e que se cumpran o resto das condicións.

### 2.2. Condicións de ocupación

**Posición:** A liña de edificación exterior coincidirá cas aliñacións definidas nos planos de ordenación, terá en xeral carácter obrigatorio.

Nos casos nos que os planos non estean definidos con precisión se conservarán as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poda derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

**Recuados:** A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

A edificación situarase na parcela entre medianeiras acaroada á parcela contigua.

**Fondos edificables:** O fondo máximo edificable se establece en 18 metros.

**Parcela edificable:** A edificación disporá dun fondo máximo de 20 m. en planta baixa respectando, en todo caso, unha separación do lindeiro posterior de 4 metros.

### 2.3.

#### Condiciones de volume

#### Altura de la edificación:

**Nº de plantas:** BAIXO + DOS, permitíndose a utilización do baixo cuberta, segundo as normas de edificación. Permítese ademais a construción da planta soto.

**Altura máxima:** 9,6 metros.

**Altura coroación:** 4 metros sobre a altura máxima permitida.

### 2.4. Elementos arquitectónicos



**Corpos voados:** Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non podendo pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie.

As dimensións dos voos serán as establecidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir de unha altura de 3,5 metros.

**Balcóns:** Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm. e cumprirán as mesmas condicións de separación, respectando as medianeiras e as galerías.

**Construcións auxiliares:** Non se permiten

**Cornisas e aleiros:** A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

**Patios:** Cumprirán as condicións xerais da edificación.

**Outros:** Proxectarase un zaguán ou plataforma horizontal de 5 metros de profundidade e 3 metros de largo mínimo no acceso rodado da parcela con obxecto de non interferir bruscamente sobre o tráfico da rúa

- **Ordenanza 8.1. Dotacional de Equipamentos de Espazos verdes públicos, artigo 159 do PXOM:**
- DEFINICIÓN

Trátase dunha ordenanza que regula as condicións da edificación que ten que ser empregada con fins de Ocio – Culturais e Deportivos, sempre de carácter provisional, dentro das áreas de Espazos Libres de Uso Público.

Preténdese redactar unha ordenanza de aproveitamento moi restrinxido que permita a aparición de pequenos quioscos ou outros servizos complementarios de carácter desmontable que complementen as actividades de espaxemento y reposo dos usuarios.

**Ámbito:** O ámbito de aplicación son os espazos libres e zonas verdes de uso público.

**Obras admisibles:** Son admisibles unicamente as obras de montaxe e desmontaxe de elementos arquitectónicos prefabricados desmontables, así coma das infraestruturas precisas para a súa utilización, que deberán quedar ocultas e rexistrables mediante as correspondentes arquetas de acometida, ficando cedidas ao municipio en caso de desmontaxe das edificacións por extinción das concesións.

**Usos globais. Características. Compatibles e Prohibidos:** O uso global é o de DOTACIONAL DE EQUIPAMENTOS.

O uso pormenorizado característico é o de EQUIPAMENTO DE ESPAZOS LIBRES DE USO PUBLICO.

Quedan prohibidos expresamente todos os usos que non teñan unha relación de estrita dependencia do uso característico. E dicir, só se admitirán os quioscos de restauración e prensa, os aseos e servizos de mantemento da xardinería e aquelas construcións desmontables de utilización esporádica que sexan adecuadas para a utilización pública destes espazos e que non poñan en perigo o carácter libre dos mesmos.

**Tipoloxías edificatorias:** A tipoloxía edificatoria para esta zona é a de EDIFICACIÓN DESMONTABLE de pequeno tamaño e completamente adaptada ao medio axardinado.

#### PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN



**Condicións da parcela:** Non se permite ningún tipo de parcelación que altere a estrutura da propiedade representada nos planos, aínda que será admisible a concesión de dereitos de explotación temporal de determinadas áreas.

**Condicións de ocupación:** A ocupación máxima da parcela será do 1%.

**Ocupación baixo rasante:** Non se permite mais edificación baixo rasante que para a súa utilización infraestrutural dentro do 1% máximo.

**Condicións de volume:** O volume da construción non está suxeito a ningunha outra determinación que a de cumprir o resto dos parámetros da edificación.

**Edificabilidade:** A edificabilidade máxima é de 0,01 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

**Altura da edificación:**

- Número de plantas: o número máximo de plantas será o de 1 planta contadas desde a rasante do terreo en contacto coa edificación. É dicir, só se permite a planta baixa e a utilización da súa cuberta coma terraza.
- Altura da cornisa: a altura máxima será de 5 m. medida desde a rasante do terreo mais desfavorable.
- Altura de coroación: a altura de coroación máxima será a de 7 m. medidos desde a rasante do terreo mais desfavorable.
- Altura de plantas: A altura libre mínima de cada planta será de 2,60 m. e de 2,90 m. entre forxados cando leven falso teito con instalacións.


**Elementos arquitectónicos:** Non se computarán a efectos de edificabilidade a planta única baixo cuberta que quede por cima da altura de cornisa e dentro dos planos de cuberta que, arrancando da liña de cornisa, formen unha pendente máxima de 30 grados.

**Cerramento de parcelas:** Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podendo aumentarse dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 80 cm.

**Condicións ambientais e estéticas:** A edificación non estará suxeita a ningunha forma ou condición predeterminada, quedando libre para resolver o seu programa con toda liberdade. Darase a maior importancia ao axardinamento dos espazos libres e ao tratamento das zonas peonís con obxecto de establecer espazos de relación co medio.

**5. ORDENANZA DE APLICACIÓN Á ZONA INDICADA NOS PLANOS DO PARCELARIO ACHEGADO**

A zona definida coma 5/3849105NH0134N; **encóntrase afectada por viais** segundo o plano 3.1 do PXOM de Clasificación e cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos, a escala 1/2.000, no que figura unha vía de 7 metros de largo nesta zona Noreste da parcela.



**33.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. LUIS DANIEL HERNÁNDEZ MORÁN, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 7037DJX Ó BATER CONTRA O MESMO UN COLECTOR DO LIXO. EXPEDIENTE 2025 RESP000047.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, en nome e representación de D. LUIS DANIEL HERNÁNDEZ MORÁN**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 26/11/2025 co número 2025 00028352, D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de D. Luis Daniel Hernández Morán, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos na data 07/03/2025 no vehículo da súa propiedade, con placas de matrícula 7037DJX, ó bater contra o mesmo un colector do lixo cando estaba estacionado na Avenida da Coruña, á altura do supermercado Día.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 11/12/2025 co número 2025 00029614, D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de D. Luis Daniel Hernández Morán, desiste da reclamación formulada por ter sido satisfeitas as súas pretensións, solicitando sexa admitido o escrito xunto a documentación que achega, se teña por desistido da reclamación ó interesado, arquivándose a mesma sen máis trámites.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

**SEGUNDO.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO.-**

O artigo 93 da Lei 39/2015 dispón que: *“1. Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no está prohibido por el ordenamiento jurídico, renunciar a sus derechos. 2. Si el escrito de iniciación se hubiera formulado por dos o más interesados, el desistimiento o la renuncia sólo afectará a aquellos que la hubiesen formulado. 3. Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia, siempre que incorpore las firmas que correspondan de acuerdo con lo previsto en la normativa aplicable. 4. La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluso el procedimiento salvo que, habiéndose personado en el*





*mismo tercero interesados, instasen estos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento o renuncia. 5. Si la cuestión suscitada por la incoación del procedimiento entrañase interés general o fuera conveniente sustanciarla para su definición y esclarecimiento, la Administración podrá limitar los efectos del desistimiento o la renuncia al interesado y seguirá el procedimiento.”*

#### CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o desistimento foi formulado cos requisitos referidos no artigo 93 da Lei 39/2015, non entrañando interese xeral a reclamación presentada que puidera limitar os efectos do desistimento e fixera conveniente continuar o procedemento.

#### QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, isto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 12/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Ter por desistido da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de D. Luis Daniel Hernández Morán, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 26/11/2025, co número 2025 00028352, e declarar concluso o devandito procedemento, ao telo solicitado o interesado mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/12/2025 co número 2025 00029614.** Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 93 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### 34.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> SHEYLA GARCÍA SANTAMARÍA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MANUELA SANTAMARÍA REGO, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO CON MATRÍCULA 1433FGF Ó BATER CUNHA FOCHA NA ESTRADA DE FAFIÁN. EXPEDIENTE 2025 RESP000001.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D<sup>a</sup> SHEYLA GARCÍA SANTAMARÍA, en nome e representación de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MANUELA SANTAMARÍA REGO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### FEITOS

Primeiro.- O día 08 de xaneiro de 2025, D<sup>a</sup> Sheyla García Santamaría circulaba pola estrada de Fafián, parroquia e municipio de Ribeira, no vehículo propiedade da súa nai, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Manuela Santamaría Rego, marca Renault, modelo Clio, con placas de matrícula 1433FGF, cando, de súpeto, bateu cunha focha existente na calzada, o que lle ocasionou a rotura da roda dianteira dereita do automóbil.



Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 20/01/2025, co número 20251303, D<sup>a</sup> Sheyla García Santamaría, en nome e representación de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Manuela Santamaría Rego, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados, reparación que cuantifica na contía total de 205,18 €, segundo a factura número 51 de data 14/01/2025 emitida pola entidade “Automoción Eurocar S.L.L.”

Co seu escrito achega a seguinte documentación:

- Copia do DNI da Sra. García Santamaría.
- Copia do DNI da Sra. Santamaría Rego.
- Copia da factura número 51 de data 14/01/2025 emitida por “Automoción Eurocar, S.L.L.”
- Certificado de conta bancaria da Sra. Santamaría Rego.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 14/04/2025 co número 8939, e a solicitude desta Administración, a reclamante achega permiso de circulación do vehículo accidentado.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 01/06/2025 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 08/01/2025 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Declaración de non ter recibido indemnización, rexistrada de entrada na data 13/06/2025 co número 14514.
- Informe emitido na data 20/10/2025 pola enxeñeira municipal do Concello de Ribeira.
- Informe emitido pola entidade VIAQUA, rexistrado de entrada na data 23/10/2025 co número 202500025504.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de escrito de alegacións polas partes interesadas no expediente.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### TERCEIRO.-



O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o/a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.



A Sra. Santamaría Rego ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación, por ser a titular do vehículo danado, tal e como resulta acreditado pola documentación que consta no expediente, entre ela, o permiso de circulación do automóbil.

Actúa representada por D<sup>a</sup> Sheyla García Santamaría, que acredita debidamente a súa representación, mediante poder de representación “*apud acta*”, realizado na data 13/06/2025 ante a funcionaria instrutora e que consta incorporado ó expediente administrativo.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**. Así se deduce da factura de reparación dos danos que achega a reclamante.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local, que si tivo constancia do sucedido, emite informe na data 08/01/2025 no que dispón o seguinte:** *“Que siendo las 21:28 horas del día de la fecha, se recibe llamada telefónica de una conductora de un vehículo, (...), comunicando que cuando se encontraba circulando por la carretera de Fafián con dirección a Ribeira, unos metros antes de llegar a la nueva rotonda, sufrió un reventón debido a un impacto con un gran bache presente en la calzada. Personados en el lugar se pudo observar un gran bache unos metros antes de la rotonda de Fafián, con la señal circunstancial tirada en el interior del mismo, y el vehículo unos metros más adelante con dirección Ribeira. (...)”*
- **En informe emitido na data 01/06/2025 a Policía Local dispón o seguinte:** *“La carretera está situada en la Aldea de Fafián en la parroquia de Ribeira. El estado de la vía a nuestra llegada se encontraba con la señalización tirada, y un gran bache con las siguientes características, con unas medidas aproximadas de unos 8 metros de largo y aproximadamente 1 de ancho, con una profundidad de aproximadamente de 11 a 15 centímetros. La velocidad límite de la vía es de 30 kilómetros y se trata de un tramo recto. La iluminación existente en el momento de producirse el accidente era escasa. En la zona no existía zona de paso alternativa cerca del obstáculo. La reclamante circulaba correctamente, pues tras unos minutos se recibe otra llamada de otra conductora comunicando que había reventado una rueda en el mismo lugar. Existía una señal de sentido obligatorio a la izquierda R-400B, la cual a nuestra llegada se encontraba tirada. Se tiene constancia que hubo una reclamación por el mal estado de la calzada ese mismo día minutos más tarde.”*
- **A enxeñeira municipal en informe emitido na data 20/10/2025, afirma que non tivo constancia do accidente polo que se reclama, precisando que:** *“(…) En fecha 16/06/2025, se ha procedido a realizar una inspección al lugar del*



accidente sufrido por la Sra. García Santamaría, observando que existe una reparación reciente realizada en el borde derecho de la calzada y sin diferencia de cota en su totalidad. Dicha reparación, no consta que haya sido realizada por el Ayuntamiento de Ribeira, ya que, aunque se trata de una carretera municipal, **el defecto que existía en la calzada y que pudo ser la causa del accidente, no puede calificarse como un bache como tal, sino de una demolición de pavimento para el arreglo, probablemente, de alguna tubería**, ya que está muy cortado, y los baches no tienen esa forma tal regular. En este sentido, sería conveniente solicitar informe a la entidad concesionaria del servicio de saneamiento, Viaqua. (...) Observando las fotografías recogidas en el informe de la Policía Local, **es probable que la causa del accidente haya sido la rotura o demolición del pavimento (supuesto bache), por las características de esta (longitud, anchura y sobre todo profundidad), y porque la señalización de su existencia era insuficiente.**

- **A entidade VIAQUA en informe rexistrado de entrada na data 23/10/2205 co número 202500025504, dispón o seguinte:** "(...) O día 1 de xaneiro de 2025 arredor das 16:00 h VIAQUA detecta unha avaría na rede xeral de abastecemento do concello de Ribeira. Segundo os datos recabados polos operarios do servizo municipal de augas a avaría situase na estrada de Fafián. Tras realizar unha primeira inspección sobre o terreo os operarios do servizo localizan o punto exacto de rotura da tubaxe (...). **Para a reparación desta tubaxe foi preciso a realización dunha gabiá de aproximadamente 1 x 8 m. para poder proceder a substituír a tubaxe de fobrocemento rota. Durante o tempo que duraron os traballos de reparación que se prolongaron ata mais das 1:00 do día 2 de xaneiro de 2025 o lugar da obra de reparación estivo convintemente sinalizado e acotado con diferentes elementos de sinalización (valos, sinais e conos), desviando o tráfico rodado polo carril contrario para protexer tanto a conductores como operarios que estaban a realizar as tarefas de reparación de dita tubaxe. Contra a 1:30 do día 2 de xaneiro de 2025 rematan os traballos de reparación da tubaxe, procedendo ó cerre da zanja, purga da conducción e control de calidade da auga para poder restablecer a subministración á poboación. A zanja cerrase e tápase cunha mezcla de zaborra e formigón na capa superior, enchendo a mesma ata o nivel de rasante da calzada para poder logo asfaltar a mesma ata acadar o resultado final. Coa fin de optimizar recursos e secuenciar os traballos de reparación das avarías do servizo os traballos de asfaltado prográmanse e execútanse todos xuntos unha vez á semana, o mesmo día, neste caso o asfaltado definitivo da zanja produxose o día 14 de xaneiro de 2025, debido tamén ás datas de Nadal e a dificultade de habelo feito durante as mesmas. Non consta, como se dixo previamente no presente inforrme, no servizo municipal de augas do concello de Ribeira reclamación nin aviso de ningún tipo sobre unha posible incidencia neste punto. As labores de reparación que se levaron a cabo no lugar realizaronse segundo o procedemento habitual do servizo de augas para este tipo de intervencións, mantendo dende o momento de finalización de reparación da conducción o tráfico aberto sen ningún tipo de restrición e causando a mínima afección e molestia ó tráfico rodado.**"

Dos informes referidos extraemos as seguintes conclusións:



- Que na data 02/01/2025 a entidade VIAQUA realiza na estrada de Fafián uns traballos para a reparación dunha tubaxe para o que tiveron que abrir unha gabía na calzada.
- Que os traballos de reparación da tubaxe remataron o mesmo día 02/01/2025 e que durante a súa execución dispúxose de sinalización para advertir das obras.
- Que o asfaltado definitivo da gabia non se realizou ata o día 14/01/2025.
- Que o día 08/01/2025 producíronse dous accidentes no lugar de realización das obras.
- Que o accidente sufrido pola Sra. García Santamaría foi debido á gabia realizada por Viaqua para a reparación da tubaxe.
- Que a existencia da referida gabia non estaba suficientemente sinalizada.
- Que a reclamante circulaba correctamente.
- Que non existe causa de forza maior.
- Que o dano se produciu por mor da realización dunha obra necesaria para a execución do contrato da entidade concesionaria Viaqua (reparación dunha tubaxe por mor dunha avaría na rede xeral de abastecemento do Concello de Ribeira).
- Que o dano non foi producido por causas imputables ó Concello.
- Que non existe causa de forza maior.

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo matrícula 1433FGF e o funcionamento do servizo municipal. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada pola reclamante.

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos antes referidos, xa que, aínda que o devandito servizo constitúe unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, constátase que o “defecto” na calzada que ocasionou o accidente foi debido a unha obra realizada por VIAQUA como consecuencia do desenvolvemento da súa actividade como entidade concesionaria do servizo de saneamento municipal.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no





contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, dos servizos públicos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, asinado na data 30/07/2010 entre o Concello de Ribeira e a entidade VIAQUA, dispón na súa cláusula 23 que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: "(...) g) Indemnizar polos danos que se causen a terceiros polo normal ou anormal funcionamento dos servizos, a non ser que o dano sexa producido por causas imputables á Administración ou por forza maior". E a cláusula 46 do citado contrato dispón que o concesionario terá ao seu cargo as obras e instalacións municipais de abastecemento de auga potable e sumidoiro do Concello de Ribeira, sendo responsable do seu bo funcionamento e conservación.

**En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.**

A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración que, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de D<sup>a</sup> Sheyla García Santamaría, en nome e representación de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Manuela Santamaría Rego, deuse audiencia á entidade concesionaria VIAQUA mediante Decreto da Alcaldía de data 24/10/2025, que foi notificado na data 24/10/2025, segundo consta no acuse de notificación telemática, quen puido realizar as alegacións que tivo oportunas, **polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade concesionaria, por desprenderse esta do actuado no**





expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.

Por todo o exposto, isto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/01/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D<sup>a</sup> Sheyla García Santamaría, en nome e representación de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Manuela Santamaría Rego, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización total de 205,18 €.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender ó pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade que na data do accidente era a concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento VIAQUA, polo que será esta entidade a que deberá facer fronte á reparación dos danos ocasionados indemnizando á reclamante na contía antes indicada.

Todo isto de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da prestación do citado servizo e en virtude da cláusula 23 do contrato administrativo antes referido.

### 35.- VAO PERMANENTE – Nelson Fernández Silvestre

Visto o escrito presentado por **Nelson Fernández Silvestre**, de data 23/06/2025 (Rexistro de entrada nº 15.354), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa de Sálvora, nº 52 (Aguíño).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 05/01/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder a Nelson Fernández Silvestre**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa de Sálvora, nº 52 (Aguíño), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela da entrada ao garaxe, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

### 36.- VAO PERMANENTE – José Santos Brión

Visto o escrito presentado por **José Santos Brión**, de data 09/12/2025 (Rexistro de entrada nº 29.457), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Carroucha, nº 10 (Ribeira).



**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 05/01/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder** a **José Santos Brión**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmobile situado na Rúa Carroucha, nº 10 (Ribeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela da entrada ao garaxe, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

---

**37.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DA AULA DE CRISTÓBAL COLÓN (RIBEIRA) – Programa Integrado de Emprego**

**Visto** o escrito presentado por Estela Saa Villaverde en representación do **Programa Integrado de Emprego** do Concello de Ribeira, de data 26/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.691), no que solicita a cesión de uso da aula de formación municipal situada na Rúa Cristóbal Colón (Ribeira), co fin de realizar a fase de formación do P.I.E., “Taller Sociosanitario e Aula”, para a formación en mobilización de enfermos (SANT079PO), en horario de 09:00 h. a 14:00 h. e nas seguintes datas:

Maio 2026: 5, 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14, 15, 18, 19, 20, 21, 25, 26 e 27

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a cesión de uso da aula municipal situada na Rúa Cristóbal Colón (Ribeira), co fin de realizar a fase de formación do P.I.E., “Taller Sociosanitario e Aula”, para a formación en mobilización de enfermos (SANT079PO), en horario de 09:00 h. a 14:00 h. e nas seguintes datas:

Maio 2026: 5, 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14, 15, 18, 19, 20, 21, 25, 26 e 27

---

**38.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DA AULA CEMIT (RIBEIRA) – Programa Integrado de Emprego**

**Visto** o escrito presentado por Estela Saa Villaverde en representación do **Programa Integrado de Emprego** do Concello de Ribeira, de data 26/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.692), no que solicita a cesión de uso da aula de formación municipal CEMIT (Ribeira), co fin de realizar a fase de formación do P.I.E., en horario de 09:00 h. a 14:00 h. e nas seguintes datas:

Febreiro 2026: 19, 23, 24, 25, 26 e 27 (“Trámites online coa administración e iniciación á informática”)



Marzo 2026: 18, 19 e 20 (“Uso de recursos dixitais no ámbito laboral, cómo comunicarnos de forma efectiva por Email”)

Maio 2026: 4, 5, 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14 e 15 (“Ofimática”)

Xuño 2026: 8, 9, 10, 11, 12, 15, 16, 17, 18 e 19 (“Técnicas administrativas”)

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a cesión de uso da aula de formación municipal CEMIT (Ribeira), co fin de realizar a fase de formación do P.I.E., en horario de 09:00 h. a 14:00 h. e nas seguintes datas:

Febreiro 2026: 19, 23, 24, 25, 26 e 27 (“Trámites online coa administración e iniciación á informática”)

Marzo 2026: 18, 19 e 20 (“Uso de recursos dixitais no ámbito laboral, cómo comunicarnos de forma efectiva por Email”)

Maio 2026: 4, 5, 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14 e 15 (“Ofimática”)

Xuño 2026: 8, 9, 10, 11, 12, 15, 16, 17, 18 e 19 (“Técnicas administrativas”)

---

**39.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)**

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento “**Café Bar O da Rubia**” (Ribeira), de data 12/01/2026 (Rexistro de entrada nº 696), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “**Café Bar O da Rubia**” (Ribeira), o día 17/01/2026, en horario de 21:00 h. a 01:30 h.

---

**40.- SOLICITUDE DE CESIÓN POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA A EMPRESA CONGALSA S.L. PARA A CELEBRACIÓN DA SÚA GALA ANUAL DE OBXECTIVOS**

**LOGO DE VER** que D. Juan Carlos Rama Bermúdez, con DNI: \*\*\*792\*\*\*, en representación da empresa “Congalsa S.L. (CIF: B15269392)”, presenta escrito de data 16-12-2025, con número de rexistro de entrada municipal 29.897, solicitando:

*“A CESIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE A FIEITEIRA PARA A CELEBRACIÓN DA GALA ANUAL DE OBJETIVOS DE CONGALSA, NA QUE REUNIMOS TODA A PLANTILLA (600 PERSOAS) O EVENTO CELEBRARASE O VINDEIRO DÍA 7 DE FEBREIRO DE 2026 EN HORARIO DE MAÑÁN. NECESITAMOS TAMÉN O PAVILLÓN PARA A MONTAXE E ENSAIOS OS DÍAS XOVES 5 E VENRES 6 DE FEBREIRO.”*

**E DE VER** o informe-proposta do técnico de Deportes municipal de data 12-01-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 12-01-2026, favorables á mesma con condicionantes.

De conformidade co previsto na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) e o Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos; esta Alcaldía-Presidencia en exercicio das



atribucións que lle confiren o artigo 21.1 c) da lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **adopta o seguinte Acordo**:

1º) Autorizar a cesión do polideportivo A Fieiteira, á empresa Congalsa S.L., nos días e horarios solicitados (5,6 e 7 de febreiro de 2026, ao longo de toda a xornada), cos seguintes condicionantes:

- 1) Deberá proceder ao pago da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9), que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F polo importe de **2.580,60 euros** (860,20 € xornada completa x 3 xornadas) con unha anterioridade mínima de 48 horas á celebración do evento, previa liquidación da Tesouraría municipal segundo o disposto no artigo 11 da Ordenanza Fiscal. Tamén deberá facer o pago da taxa correspondente á recollida de basura de instalacións deportivas, por un importe de **77,74 euros**.
- 2) Deberá achegar á Oficina de Deportes con unha antelación mínima de 48 horas á celebración do Evento a seguinte documentación:
  - 1 – Xustificante de pago da taxa especificada no apartado anterior (2.580,60 €+ 77,74 €).
  - 2 – Copia da póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa.
  - 3 – Copia do recibo do pago desa póliza.
  - 4 – Declaración responsable asinada polo promotor de evento, comprometéndose a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego (limpeza e orde), respondendo dos danos que puideran orixinarse por un uso inadecuado.

De no achegar a documentación indicada no prazo previsto, non poderá acceder ás instalacións.

2º) Aprobar a liquidación por importe de **2.580,60 euros** (860,20 € xornada completa x 3 xornadas) que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) máis **77,74 euros** correspondentes a taxa de recollida de basura de instalacións deportivas municipais), dando conta do presente acordo á Tesouraría municipal para emitir á Carta de Pago correspondente.

3º) Notificar o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan.

#### 41.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DA PISCINA “MARÍA VILAS” DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA AO CLUB NATACIÓN RIBEIRA, PARA A CELEBRACIÓN DUNHA XORNADA DE LIGA DE NATACIÓN ABSOLUTA

LOGO DE VER que Dña. María Villar Loureiro, en representación do Club Natación Ribeira, presenta escrito de data 23/12/2025, con número de rexistro de entrada municipal 30.480, solicitando:

*“COMO PRESIDENTA DEL CLUB NATACIÓN RIBEIRA CON CIF G15446586, SOLICITO LA PISCINA EL 17 DE ENERO DE 2026 EN JORNADA DE TARDE PARA CELEBRACIÓN COMPETICIÓN “ XORNADA LIGA ABSOLUTA” DESDE LAS 15.00 HORAS.”*

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS



1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.*”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:  
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. A piscina municipal “María Vilas”, non ten actividade programada para a data solicitada (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira).
4. En caso de acceder ao solicitado, implicaría ter que pechar a piscina municipal ao público durante o período de cesión.

**E DE VER** o informe-proposta do técnico de Deportes municipal de data 08-01-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 08-01-2026, favorables á mesma con condicionantes.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar o uso da piscina municipal “María Vilas” ao Club Natación Ribeira, para a celebración dunha “*Xornada de liga de natación absoluta*”, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “*Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais*”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A autorización de uso das instalacións da piscina municipal será só para o **sábado 17 de xaneiro de 2026, de 15.00 a 21.00 horas**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa ( Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.



#### 42.- APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO, DESFILE DO ENTROIDO E FESTIVAL DE MURGAS E COMPARSAS DE RIBEIRA 2026

**Vista** a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 12/01/2026, relativa á celebración do tradicional *Concurso, Desfile e Festival de Murgas e Comparsas*, que terá lugar o vindeiro martes 17 de febreiro de 2026, no que expón:

*“Con motivo da programación do Entroido 2026 a área de Cultura ten interese en manter a celebración do tradicional Concurso, Desfile e Festival de Murgas e Comparsas, que terá lugar o vindeiro martes 17 de febreiro de 2026.*

*Trátase dun evento que conta con grande tradición e aceptación popular así como cunha elevada participación do tecido asociativo, converténdose nun instrumento de colaboración e posta en valor do traballo das entidades da cidade de Ribeira e da contorna.*

*Para garantir a boa organización deste evento é preciso dispor dunhas bases de participación que permitan establecer normas e criterios de aplicación para o seu desenvolvemento. En consecuencia achéganse en anexo as BASES que regulan a convocatoria do concurso e que recollen polo miúdo requisitos de participación, as gratificacións, os premios, etc.”*

**Visto** o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/01/2026.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** as Bases do Concurso, Desfile e Festival de Murgas e Comparsas de Ribeira 2026 e posterior publicación no BOP de A Coruña e no Sistema Nacional de Subvencións.
- **Autorizar** o gasto total de 6.000,00€, desagregado en concepto de GRATIFICACIÓNS 3.200,00 € e PREMIOS 2.800,00 €.
- **Autorizar** a celebración do desfile de Entroido, Concurso e Festival na data sinalada.

#### 43.- APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DE RIBEIRA 2026

**Vista** a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 12/01/2026, relativa á celebración do Concurso de Disfraces do Entroido de Ribeira 2026, na que expón:

*“Con motivo da vindeira programación do Entroido 2026, dende a área de Cultura estamos interesados en manter a celebración do Concurso de Disfraces do Entroido de Ribeira nas modalidades de infantil e adultos.*

*Para garantir a boa organización deste evento é preciso dispor dunhas bases de participación que permitan establecer normas e criterios de aplicación para o seu desenvolvemento.*

*En consecuencia achéganse en anexo as BASES de participación no Concurso de Disfraces do ENTROIDO de Ribeira 2026 que determinan entre outros as categorías e modalidades, procedemento, premios, composición do xurado ou normativa aplicable.”*

**Visto** o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/01/2026.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** as Bases dos Concursos de Disfraces do Entroido de Ribeira 2026.
- **Autorizar** a celebración dos Concursos de Disfraces do Entroido de Ribeira 2026.
- **Habilitar e autorizar** o gasto correspondente con cargo á partida da área de Cultura por un total de 2.500,00 € (500,00€ en vales na modalidade infantil e 2.000,00 € en premios económicos na modalidade de adultos).

#### 44.- AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS ADCRITAS Á ÁREA DE CULTURA

**Vista** a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 07/01/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións adcritas á área de cultura, na que expón:

*“Recíbense solicitudes das entidades que se relacionan referidas ao Uso Temporal de instalacións adcritas a área municipal de cultura.*

*Considerando que o motivo deste uso temporal é a celebración de actos de interese cultural, deportivo e ou social, promovido e organizado por entidades que carecen de ánimo de lucro e son abertos á cidadanía.*

*Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.*

*Previa consulta na axenda de reservas de instalacións obxecto desta proposta, emítese INFORME Favorable de Uso Temporal para a celebración das seguintes actividades organizadas polas entidades solicitantes:*

**Auditorio Municipal de Ribeira**

*Solicitante: Asociación Galega para o acompañamento persoal e Educativo (Rexistro 2025 22770 de 22/9/2025)*

*Actividade: Celebración II Xornada sobre o Autismo (Actuación Banda Jazz e un pequeno refrixerio 13.30 -17.00h)*

*Calendario: Sábado 24 de xaneiro de 2026 de 8.30 a 20.30 horas*

*Espazo: Salón principal e Hall*

*Solicitante: Asociación de Familias de Persoas con discapacidade Psíquica (Rexistro 2025 30532 de 23/12/2025)*

*Actividade: Evento clausura dos proxectos “CABALGA” e LABMAR” (Medioambientais financiados pola Fundación Biodiversidade que involucran as persoas con discapacidade como axentes do cambio).*

*Calendario: Martes 20 de xaneiro de 2026 de 9.00 a 15.00 horas*

*Espazo: Sala Polivalente ou Salón principal e Hall*

*Solicitante: Club de Remo Náutico de Riveira (Rexistro 2026 201 de 05/1/2026)*

*Actividade: Presentación Equipos Base “Liga Galega de Bateis nos campionatos autonómicos e estatais”.*

*Calendario: Sábado 10 de xaneiro de 2026 de 10.15 a 12.00 horas*

*Espazo: Hall.*





Casa de Cultura de Aquino "Manuel Ayaso"

Solicitante: Asociación Asistencial TDAH Salnés (Rexistro 2026 103 de 02/01/2026)

Actividade: Obradoiros artístico-pedagógico e a intervención pedagóxica grupal.

Calendario: Xaneiro 2026 ata xuño de 2026 (remata día 29 de xuño).

Luns de 16.00 a 20.30 horas. Sábados de 10.30 a 13.30 horas."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar o Uso Temporal destas instalacións para celebrar os actos e programas organizados a instancia das propias entidades solicitantes.**
- **Trasladar as peticións da Asociación AGAPE e AMICOS á Concellería de Servizos Sociais para que atendan as necesidades técnicas (luz e son) derivadas do Uso Temporal do Auditorio dos días 20 e 24 de xaneiro de 2026 respectivamente.**
- **Notificar o acordo a cada unha das entidades solicitantes xunto coas Condicións de Uso que se indican:**

**CONDICIÓN DE USO:**

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

**45.- SOLICITUDE DE ESPELLO VIAL – Inés Varela Suárez**

**Visto** o escrito presentado por **Inés Varela Suárez**, de data 29/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.768), no que solicita a instalación dun espello vial no lugar de Aldea, nº 8 (Castiñeiras), co fin de mellorar a seguridade e facilitar a circulación vial.



**Visto** o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 05/01/2026.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dun espello vial no lugar de Aldea, nº 8 (Castiñeiras).
- **Informar** ao/á solicitante que neste tipo de supostos, nos que a instalación do espello non responde a unha necesidade de carácter xeral nin afecta a unha colectividade indeterminada de usuarios, senón que beneficia unicamente a un particular, o criterio xeral aplicado é que **tanto o custo da instalación como o posterior mantemento do espello deberán ser asumidos polo usuario beneficiario.**

---

#### 46.- SOLICITUDE DE PINTADO DE LIÑA AMARELA – Lorenzo Coya Zapata

**Visto** o escrito presentado por **Lorenzo Coya Zapata**, de data 09/12/2025 (Rexistro de entrada nº 29.396), no que solicita o pintado de marca vial horizontal amarela en Deán Pequeno, nº 35 (Ribeira), co fin de restrinxir o estacionamento de vehículos e facilitar a circulación vial.

**Visto** o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 28/12/2025.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o pintado de marca vial horizontal amarela en Deán Pequeno, nº 35 (Ribeira), co fin de restrinxir o estacionamento de vehículos e facilitar a circulación vial, segundo sinalado no citado informe policial.

---

#### 47.- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE BEN INMOBLE SITO NO NÚMERO 17 DA RÚA MARIÑO DE RIVERA, COÑECIDO COMO “COLEXIO MARIÑO”, PARA O SEU USO COMO ARQUIVO ADMINISTRATIVO MUNICIPAL. EXPEDIENTE 2023 PATR000018.

Retirado da orde do Día

---

#### 48.- PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE DINAMIZADOR/A DO MUSEO DO GRAVADO (DEPARTAMENTO DE CULTURA) EN DESENVOLVEMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024. EXPEDIENTE: 2025 PSEL000043

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

##### ANTECEDENTES

Por Providencia de Alcaldía asinada na data 26/12/2025, dispónse que se proceda á iniciación do procedemento administrativo para a provisión en propiedade dunha praza de dinamizador/a do museo do gravado, en desenvolvemento da OEP do Concello de Ribeira para o ano 2024.



### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.
- Real Decreto 896/1991, do 07 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### **PRIMEIRA.- Plantilla de persoal.**

O artigo 90.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), prevé que as entidades locais aprobarán anualmente, a través do orzamento, a plantilla, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. As plantillas deberán responder ós principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan superar os límites que se fixen con carácter xeral. Engade o artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), que a elas se unirán os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan ós mencionados principios.

A diferenza da relación de postos de traballo regulada nos artigos 90.2 da LRBRL, e 126.4 do TRRL, a plantilla non determina as características esenciais dos postos de traballo, nin os requisitos para a súa ocupación, sendo a súa finalidade a ordenación orzamentaria; é por tanto consubstancial coa potestade de autoorganización prevista nos artigos 4.1a) da LRBRL e 4.1.a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O TS entende que a plantilla non se aproba como un acto ou documento separado dos orzamentos, senón que forma parte dos mesmos e ten principalmente efectos económicos (Sentenzas do TS de 18/07/1990 e de 03/02/1997).

Tamén considera que debe comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aínda que non sexan permanentes (Sentenza do TS de 12/12/1997).

**No caso que nos ocupa a praza de dinamizador/a do museo do gravado obxecto deste expediente, está incluída no cadro de persoal do orzamento xeral do Concello de Ribeira para o ano 2025 (prorrogado neste ano 2026), aprobado por acordo do Pleno da Corporación en sesión de data 26/11/2025, e publicado no BOP número 248 de data 29/11/2025, polo que se estaría a cumprir co este requisito.**

#### **SEGUNDO.- Relación de Postos de Traballo.**

Respecto á relación de postos de traballo, o artigo 90.2 da LRBRL, prevé que as entidades locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa



organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública, e que corresponde ó Estado establecer as normas para a elaboración das RPT, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación. Engade o artigo 126.4 do TRRL, que as RPT terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, e confeccionaranse de conformidade ás normas previstas no artigo 90.2 da LRBRL.

Resulta, por tanto, obrigatorio para todas as entidades locais, como instrumento técnico de ordenación do persoal, a aprobación da RPT, sen embargo, non resulta estraño en moitos municipios pequenos a súa inexistencia formal, e xa o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), suple esta carencia permitindo no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estructuren a súa organización a través das RPT “*u outros instrumentos organizativos similares.*”

**No caso que nos ocupa, a citada praza ven recollida na RPT definitivamente aprobada por acordo plenario de data 27/03/2023, e publicada no BOP número 65 de data 04/04/2023, coas características que se dispoñen a continuación, polo que tamén se estaría a cumprir con este requisito:**

|                                   |                                  |
|-----------------------------------|----------------------------------|
| Código:                           | 13.333.00.02                     |
| Denominación:                     | Dinamizador/a museo gravado      |
| Tipo                              | Laboral                          |
| Escala/Subescala/Clase/Categoría: | Categoría segundo convenio       |
| Grupo:                            | II                               |
| Nivel:                            | 20                               |
| Provisión:                        | C                                |
| R.N.:                             | U.E                              |
| Titulación:                       | Grao, diplomatura ou equivalente |
| Formación Específica:             |                                  |
| Administración:                   | A.L.                             |
| Observacións:                     |                                  |

### **TERCEIRO.- Oferta de emprego público.**

Por último e respecto á oferta de emprego público, a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para 2026, dispón no seu artigo 20.Un.1 que a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, a excepción dos órganos contemplados no apartado Un. e) do artigo 19, levarase a cabo a través da OEP, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

A regulación da OPE atópase recollida no artigo 90.2 da LRBRL, que prevé que as entidades locais formularán publicamente a súa oferta de emprego, axustándose ós criterios fixados na normativa estatal básica e no artigo 128.1 do TRRL, que engade que a OPE aprobarase e publicárase no prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e ós criterios que regulamentariamente se establezan en desenvolvemento da normativa básica estatal, para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas.

Pola súa parte, o artigo 70 do TREBEP, establece que as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da OPE, ou outro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os



correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un 10% adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da OPE ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos; aprobarase anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas e deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente. A OPE poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.

Neste caso, por Decreto da Alcaldía de data 17/12/2024, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para 2024, que comprende as prazas vacantes dotadas no Orzamento da Corporación que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, e cumprindo as taxas de reposición a que se refire o artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, e que comprende, entre outras, a seguinte praza:

| Praza                       | Tipo de vínculo xurídico<br>(funcionario de<br>carreira/persoal laboral fixo) | Código RPT   | Número de prazas<br>ofertadas |
|-----------------------------|-------------------------------------------------------------------------------|--------------|-------------------------------|
| Dinamizador/a Museo Gravado | Persoal laboral fixo                                                          | 13.333.00.02 | 1                             |

A referida Oferta de Emprego Público foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 6 do 10 de xaneiro do 2025, e no Boletín Oficial da Provincia número 245 do 20 de decembro do 2024.

**Polo exposto, estase a cumprir co requisito da existencia da OPE na que se inclúe a praza obxecto deste informe.**

#### **CUARTO.- Principios dos procedementos de selección.**

A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

#### **QUINTA.- Sistemas selectivos.**

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: *“6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de*



*colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.”*

Así mesmo, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinala no seu artigo 57 o seguinte: “1. O persoal funcionario de carreira seleccionarase ordinariamente polo sistema de oposición ou polo sistema de concurso-oposición. Só en virtude de norma con rango de lei, poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso. 2. O persoal laboral fixo pode ser seleccionado polos sistemas de oposición ou concurso-oposición, coas características establecidas no artigo anterior ou, excepcionalmente, polo sistema de concurso de valoración de méritos. As Administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen a actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos do persoal laboral.”

E no seu artigo 205, incluído no Título X da Lei e referido ás especialidades do persoal ao servizo das entidades locais, dispónse que: “1. Cada entidade local levará a cabo os procesos de selección do seu persoal propio, de acordo coas regras básicas, en particular en materia de titulación, e cos programas mínimos fixados pola lexislación básica do Estado, e mais co disposto por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento. 2. Os procesos de selección e os procedementos de provisión de postos de traballo do persoal propio das entidades locais réxense polas bases que aprobe o órgano da entidade local que resulte competente consonte a lexislación de réxime local, a quen corresponderá tamén a convocatoria. 3. Malia o previsto nas alíneas anteriores, as entidades locais, por acordo do pleno, poderán encomendar á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e selección do seu persoal. Neste caso, a consellería competente en materia de Administración local aprobará as bases e as convocatorias e efectuará os correspondentes procesos selectivos no marco do establecido pola encomenda e por esta lei. 4. Os anuncios de convocatorias de probas de acceso ao emprego público local e dos procedementos para a provisión de postos de traballo deben publicarse no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases publicaranse no boletín oficial da provincia. 5. O nomeamento das persoas que superen o correspondente procedemento selectivo corresponderá ao órgano que, consonte a lexislación de réxime local, exerza a xefatura directa do persoal.”

O artigo 2 do RD 896/1991, do 07 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local, establece que: “O ingreso na Función Pública Local realizarase, con carácter xeral, a través do sistema de oposición, agás que, pola natureza das prazas ou das funcións a desempeñar, sexa mais adecuada a utilización do sistema de concurso-oposición ou concurso.”

A sentenza do TS do 18/07/2023 declara pola súa parte que se mantén a vixencia do artigo 2 do RD 896/1991 como norma especial aplicable á selección dos funcionarios de carreira da administración local, polo que o sistema de oposición é o xeral e o concurso-oposición será o que se aplique cando así se xustifique por ser o mais adecuado atendendo á natureza das prazas ou das funcións a desempeñar, pois co cadro de normas estatais con rango de lei no ámbito do réxime local mantense a vixencia do dito articulado, como norma de desenvolvemento, conforme á cal se da preferencia á oposición e tal preferencia é a que a administración do estado establece para seleccionar ó seu propio funcionariado (Fundamento Xurídico 6).

A razón xurídica deste pronunciamento é que, no marco de prelación legal de normas, o artigo 168 do TRRL, que desenvolve o artigo 92 da LRBRL, de carácter básico, foi á súa vez, desenvolto con carácter básico polo artigo 2 do RD 896/1991 (disposición final 1ª) e que, como vimos, da prioridade á oposición e o concurso-oposición terá esa prioridade si





resulta, como sistema, mais adecuado segundo “a natureza das prazas ou das funcións a desempeñar.”

Isto para os funcionarios. Para o persoal laboral é de aplicación, en defecto de previsión algunha na LRBRL, a normativa autonómica, por remisión da disposición final 1ª do RD 896/1991, que establece que a disposición adicional 2ª do mesmo, que regula a selección de persoal laboral fixo de novo ingreso (*por concurso, concurso-oposición ou oposición libre, tendo en conta as condicións que requira a natureza dos postos de traballo a desempeñar de conformidade coas bases aprobadas polo Pleno da Corporación e respectando sempre os sistemas de promoción profesional, rexéndose todo elo polas súas regulamentacións específicas ou convenios colectivos en vigor*) terán carácter supletorio respecto daquela.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, os sistemas de selección do persoal laboral están regulados no artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, antes referido, e que sinala que **o persoal laboral fixo pode ser seleccionado polos sistemas de oposición ou concurso-oposición ou, excepcionalmente, polo sistema de concurso de valoración de méritos.**

En definitiva, para o persoal laboral fixo de novo ingreso das entidades locais non existe unha norma que obrigue a motivar o sistema de selección de concurso-oposición ó non prevalecer o sistema de oposición fronte a aquel, como si o é para a selección de persoal funcionario; polo tanto, poderíase elixir directamente o concurso-oposición para a selección do persoal laboral fixo para unha praza de dinamizador/a do museo do gravado.

**SEXTA.- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.**

Cómpre ter en conta o disposto no apartado Tres, punto 3, do artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, que ten carácter básico: “3. La validez de la tasa autorizada estará condicionada, de acuerdo con el artículo 70 del texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público: a) A que las plazas se incluyan en una Oferta de Empleo Público que deberá ser aprobada por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas y publicarse en el Boletín Oficial de la Provincia, de la Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, antes de la finalización de cada año. b) A que la convocatoria de las plazas se publique en el Diario Oficial de la Provincia, Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, debiendo asegurar su ejecución en el plazo máximo de tres años.”

Neste sentido, enténdese que, neste expediente, cumpriuse co disposto no artigo 20 Tres punto 3 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, xa que a Oferta de Emprego Público para o ano 2024 foi aprobada por Decreto da Alcaldía de data 17/12/2024, e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 245 do 20/12/2024, isto é, antes da finalización do ano 2024.

Agora cómpre proceder á súa total execución coa convocatoria das prazas que aínda non foron convocadas, como é neste caso a praza de dinamizador/a de museo do gravado da rede municipal de exposicións e museos do departamento de cultura.

**SÉTIMA.- Órgano municipal competente.**

O órgano municipal competente para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal é o alcalde, segundo o disposto no artigo 21.1g) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencia que no Concello de Ribeira está



delegada na Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 20/10/2025.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 08/01/2026, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 09/01/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** Aprobación das bases que a continuación se transcriben para cubrir en propiedade unha praza de DINAMIZADOR/A DO MUSEO DO GRAVADO da rede municipal de exposicións e museos do departamento de cultura (persoal laboral fixo, código RPT vixente 13.333.00.02) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2024.

**Segundo.-** Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e 204.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publicándose o anuncio da súa convocatoria no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

**Terceiro.-** Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

**BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE DINAMIZADOR/A DO MUSEO DO GRAVADO (DEPARTAMENTO DE CULTURA) EN DESARROLLO DA OPE 2024.**

A presente convocatoria constitúe o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2024, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 17/12/2024 e publicada no DOG número 6 do 10/01/2025 e no BOP da Coruña número 245 do 20/12/2024, e réxese polas seguintes normas:

**1ª.- OBJETO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto desta convocatoria a cobertura en propiedade, a través do proceso selectivo de OPOSICIÓN, dunha praza de DINAMIZADOR/A DO MUSEO DO GRAVADO da rede municipal de exposicións e museos do departamento de cultura, pertencente ó cadro de persoal laboral fixo, grupo II, nivel 20.

De conformidade co disposto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Ribeira, aprobada na data 27/03/2023, a praza está adscrita á rede municipal de exposicións e museos do departamento de cultura, código 13.333.00.02.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

As funcións a desempeñar serán especialmente as seguintes:

- Asumir, con arranxo á capacitación profesional e/ou legal inherentes, o deseño/programación, supervisión e posta en marcha dos programas e actividades do Museo, así como das orientadas á súa promoción; e todo iso de xeito coordinado coas restantes actuacións e museos/centros da Unidade e o Departamento, e baixo as directrices da Consellería competente.
- Elaborar informes e/ou propostas de actuación/resolución, no marco das súas competencias e capacitación profesional e/ou legal.
- Prestar asesoramento e asistencia técnica ao respecto das actuacións/procedementos/expedientes deste e dos restantes departamentos e servizos, cando así sexa requirido e no marco das súas competencias e capacitación profesional e/ou legal, coa elaboración dos informes e/ou propostas de resolución/actuación que, de ser o caso, correspondan.



- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional e legal, e vinculada co eido competencial no que se integra.

## 2ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española.** Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.
- Ter feitos os 16 anos** e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) **do título de Grao, Diplomado Universitario ou equivalente**, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.  
No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia.  
As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación.
- Estar en posesión do Celga 4** ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007. No seu defecto, ó/a aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.** A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de ser o caso, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.
- Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade**, conforme á normativa vixente.
- Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública** ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, **nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta** ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma



categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión.

### 3ª.- TAXA POR DEREITOS DE EXAME.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 20,33 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal situado na Praza dos Mariñeiros (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas).
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓNS, seleccionando as seguintes opcións:
  - Tributo: **Dereitos de exame.**
  - A liquidar: **Grupo B ou asimilado.**
  - Observacións: Nome da praza á que se opta."

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: "*Pagar on line*", ou "*imprimir recibo*" e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Ordenanza Fiscal, están exentos da taxa por dereitos de exame as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no correspondente Servizo Público de Emprego.

### 4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó/a Sr./a. Alcalde/sa, en modelo que se engade como ANEXO II, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta Convocatoria.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado. Igualmente coas solicitudes nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 03 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudo e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas. O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

As ditas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) durante o prazo de **VINTE DÍAS NATURAIS, QUE SE INICIARÁ O DÍA SEGUINTE Ó DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA NO BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO**. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do



Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da sede electrónica do Concello de Ribeira (<https://sede.ribeira.gal>).

**Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:**

- Xustificante do ingreso da taxa dos dereitos de exame ou acreditación de situación de desemprego para o caso da exención da taxa. A situación de desemprego acreditarase mediante un certificado de períodos de inscrición acompañado de vida laboral, de data actual.
- Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia da titulación académica esixida na letra c) da Base 2ª.
- Certificado de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado, así coma solicitude de adaptación de tempos e medios, de ser o caso.
- A acreditación do coñecemento da lingua galega se se dispón dela. En caso contrario a persoa aspirante terá que realizar a proba do coñecemento do idioma galego.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### **5ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.**

As presentes Bases publicaranse no BOP, e a convocatoria correspondente ás mesmas, efectuarase a través de anuncios no BOP, DOG e BOE, conxuntamente coa súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse o serán a través do BOP e taboleiro de anuncios (sede electrónica). As relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través do taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias faranse a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral do procedemento administrativo, tal e como se especifica na Base 4ª desta convocatoria.

A información de carácter persoal contida nas publicacións que se realicen será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

#### **6ª.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.**

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

Os/as aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de 10 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

Na mesma resolución, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.

#### **7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**



Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ó mesmo será sempre a título individual, sen que poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer de persoas asesores especialistas para as probas, que serán nomeados pola Alcaldía-Presidentencia, así como de persoal de soporte e apoio que sexa necesario para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. Os asesores especialistas colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador, adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos do Tribunal Cualificador poderase interpoñer o seguinte recurso:

Contra as propostas finais dos/as aspirantes aprobados e, en xeral, contra os actos de trámite, si estes últimos deciden, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, e que no esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte o da súa notificación, ou da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaía resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e todo elo sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro que estime pertinente.

### 8ª.- PROCESO SELECTIVO.





A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

### **8.1. Sistema de Selección:**

O sistema de selección é do de **OPOSICIÓN** que consistirá na realización dos exercicios que se refiren a continuación:

- a) **Primeiro exercicio.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en responder por escrito, no tempo máximo de 90 minutos, un cuestionario tipo test de 80 preguntas, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Tamén haberá que responder 5 preguntas adicionais de reserva. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria que se recolle no Anexo I, tanto da parte xeral como da parte específica.

O exercicio será cualificado de 0 a 20 puntos (a razón de 0,25 puntos por cada resposta correcta), sendo necesario alcanzar un mínimo de 10 puntos (40 respostas correctas) para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados/as.

Unha vez realizado o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica), fixando, así mesmo, a data de realización do segundo exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de "NON APTO/A".

- b) **Segundo exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun ou varios supostos ou proba/s práctica/s determinados polo tribunal con carácter inmediatamente previo á realización do exercicio e relacionado directamente coa parte específica do temario do Anexo I e coas funcións propias do posto convocado.

O/s exercicio/s práctico/s terá/n unha duración non superior a 120 minutos, quedando o Tribunal capacitado para determinar tempos inferiores de realización do mesmo.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 15 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio.

Trala realización deste segundo exercicio e a súa avaliación, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica), fixando, así mesmo, a data de realización do terceiro exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de "NON APTO/A".

- c) **Terceiro exercicio.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixido á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO". De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos/as da realización desta proba os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado CELGA 4, a validación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.

### **8.2. Desenvolvemento das probas da oposición.**

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e, de resultar necesario, dos colaboradores e especialistas designados.

Os/as aspirantes serán convocados por orde alfabética do primeiro apelido para cada exercicio en chamamento único, de maneira que quen non compareza será excluído.

Para a realización dos exercicios, farase un chamamento a viva voz, e declararase decaído no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído do proceso selectivo. Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante á/s sala/s ou aula/s na/s que esta teña lugar. Tampouco se permitirá a incorporación de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.



Os/as aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impedisese acudir, excepto que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.

As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coas súa situación.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

Dende a terminación dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirllas en calquera momento ós/as aspirantes que acrediten a súa identidade.

### **8.3. Presentación de reclamacións.**

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba da oposición. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén pode consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao correo electrónico [maria.sieira.rios@ribeira.gal](mailto:maria.sieira.rios@ribeira.gal), a condición de que consta a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

### **9ª.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal determinará a relación dos/as aspirantes por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de nomeamento a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación mais alta, obtida como resultado da suma das puntuacións acadadas nos exercicios da oposición. O tribunal non poderá facer proposta de nomeamento a favor dun número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

Non obstante ó anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes ao de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan á proposta, para o seu posible nomeamento como persoal laboral fixo.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ós/as aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame dedúzase que carecen dos requisitos indicados na base 2ª da presente convocatoria.



Efectuarase unha relación complementaria cos/as aspirantes que non obtivesen praza co fin de crear unha bolsa de emprego para cubrir necesidades futuras na cobertura interina de postos ligados a praza da mesma natureza que a convocada.

O tribunal poderá declarar deserta a praza obxecto da presente convocatoria que non resulte cuberta á súa finalización por non superar o proceso selectivo un número suficiente de aspirantes.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade: 1º) a nota máis alta no segundo exercicio da fase de oposición; 2º) a notas máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición.

De persistir o empate, este resolverase por sorteo cuxa realización se anunciará a fin de garantir presenza voluntaria dos/as aspirantes afectados/as, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración.

#### **10ª DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DO/A ASPIRANTE PROPOSTO/A.**

O/a candidato/a finalista que fose proposto/a polo tribunal para ocupar a praza convocada deberá achegar, no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir a praza convocada, que serán os indicados na Base 2ª da presente convocatoria.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia.

#### **11ª.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Rematado o proceso selectivo, e á vista da documentación presentada, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como persoal laboral fixo ao aspirante correspondente notificándolle a tal efecto. Esta resolución do alcalde publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

A formalización do contrato efectuarase no prazo dun mes, a partir da referida publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

Previamente á sinatura do contrato, o/a aspirante contratado/a deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e formas requiridas polo interese do servizo, con horario de tarde, de ser o caso, a determinar de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba por prazo dun mes, e co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

#### **12ª.- BOLSA DE EMPREGO.**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, e tal e como se dispón na Base 9ª, o Tribunal efectuará unha relación complementaria cos/as aspirantes que non obtivesen praza.

Coa relación complementaria que determine o Tribunal, procederase á formación dunha bolsa de emprego por orde decrecente da puntuación total final, co fin de cubrir necesidades futuras na cobertura temporal de postos ligados á praza da mesma natureza que a convocada.

A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía e os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

#### **13ª.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.**

##### **13.1 Situacións.**

As persoas que figuren na bolsa de emprego constituída poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

- Dispoñibles:* situación desde a que se é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación.



- b) *Contratadas*: situación na que a persoa integrante da lista ou bolsa atópase prestando servizos efectivos no Concello de Ribeira, ao abeiro da presente bolsa ou doutra distinta. Finalizada a vixencia do correspondente contrato, a persoa en activo pasará novamente á situación de “dispoñible”, mantendo a súa posición ordinal inicial na bolsa de orixe. No caso de que a persoa contratada temporalmente, ao abeiro da correspondente bolsa de emprego, se atope incluída como dispoñible noutras bolsas de emprego do Concello, poderá aceptar ou rexeitar outra contratación temporal que se lle ofrezca. No caso de aceptar, isto suporá unha renuncia voluntaria na súa relación de emprego vixente e pasará como “dispoñible” ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie. Idéntica actuación procederá no caso de renuncia voluntaria na relación de emprego vixente (derivada dunha bolsa de emprego existente) por aceptar outro nomeamento ou contrato de traballo noutra Administración ou entidade privada, e sempre que non concorran un suposto legal de reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación.
- c) *Suspendidas*: situación producida por algunha das causas establecidas no apartado A.2) desta base, a resultas da cal se impide formular á persoa afectada ofertas de traballo. Durante a situación de suspensión a persoa afectada non recibirá ofertas de traballo. Finalizada a suspensión a persoa afectada volverá a ocupar o lugar orixinario na lista.
- d) *Excluídas*: Situación que comportará a exclusión da bolsa de traballo, unha vez producida algunha das causas establecidas na presente base, previa resolución.

### **13.2. Chamamentos.**

Os chamamentos para a incorporación do persoal temporal pretendido realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre as persoas integrantes de cada bolsa.

En caso de oferta simultánea de varias incorporacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación das persoas aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico que deberán ser facilitados, polas persoas integrantes das bolsas, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación. Así, e en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, as persoas interesadas deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida desde as 9:00 ás 14:00 horas), a distintas horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicarse, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas, contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou rexeitar, a oferta realizada.

- A) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito:

**A.1) No suposto de aceptación da oferta**, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego público que proceda e na data prevista ao efecto, do/a integrante da bolsa chamada e que teña aceptado, á que se lle requirirá para que antes da mesma e no prazo concreto sinalado ao efecto, presente:

- Declaración responsable na que manifeste a aceptación expresa do posto e que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo, así como de non estar separada anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.



- Número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificación de conta bancaria.
- No caso de contratación para postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores achegarse unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (en cumprimento do artigo 13.5 da LO 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia).

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da referida documentación, ou a data sinalada para a incorporación, entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes, non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía proporá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa.

Así mesmo, pasará a ocupar o último lugar da bolsa, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, as causas de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, que serán apreciadas e estimadas potestativa e discrecionalmente pola Alcaldía.

**A.2) No suposto de rexeitamento da oferta**, a persoa interesada deberá alegar algunha das causas xustificadas que a continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía. Para iso, achegarse a documentación fidedigna no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do chamamento polo Concello, comunicado por teléfono e correo electrónico.

As ditas causas de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos quince (15) días hábiles seguintes ao do día da terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

- B) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento, no prazo máximo anteriormente sinalado, procederase a dar de baixa definitiva da bolsa de emprego á persoa integrante da mesma que non teña respondido, ou que a súa resposta estea fora de prazo.

### **13.3. Dilixencias de chamamentos.**

Ao obxecto da súa xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a municipal que se encargue dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados. Neste sentido,



indicarase, cando menos, os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas e o envío de correos electrónicos, se as persoas aspirantes chamadas tiveron respondido e no seu caso aceptado en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegadas polas persoas chamadas, sen prexuízo daquelas circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir.

#### **13.4. Baixa definitiva.**

A acumulación, por unha mesma persoa integrante da Bolsa, de tres situacións de incumprimento do prazo fixado para a incorporación/toma de posesión e/ou a presentación de documentación previa, dará lugar á súa baixa definitiva na mesma.

Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

- Non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento ou que esa resposta se dea fora do prazo máximo indicado.
- O rexeitamento da oferta sen unha causa xustificada.
- A acumulación de 3 rexeitamentos da oferta polas causas xustificadas referidas no apartado 13.2, A.2.
- Solicitud de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes.
- Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación dos mesmos).
- Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.
- Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

#### **13.5. Fin da relación de emprego e reingreso na bolsa.**

Ao producirse a finalización da relación de emprego como funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal, a persoa aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa.

#### **13.6. Competencia para a xestión ordinaria da bolsa de emprego.**

A competencia para a xestión administrativa e ordinaria das bolsas de emprego correspóndelle ao servizo ou unidade administrativa que teña atribuída a xestión do persoal/recursos humanos, cuxo persoal asumirá os trámites operativos e materias pertinentes, sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nestas bases, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou órgano competente por delegación.

### **14ª NORMAS FINAIS.**

**Primeira.-** Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, ó tribunal encargado de xulgar os procesos e ás persoas que nel participan.

**Segunda.-** Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

**Terceira.-** Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ANEXO I: TEMARIO**





**A) PARTE XERAL**

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido. Os principios constitucionais.

TEMA 2.- Dereitos Fundamentais e Liberdades Públicas. A súa protección e garantía.

TEMA 3.- A organización territorial do Estado. Comunidades Autónomas. Provincias e Municipios.

TEMA 4.- A Comunidade Autónoma de Galicia e o seu Estatuto. Principios Xerais. Nocións Xerais.

TEMA 5.- O Municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación municipal. O padrón de habitantes. O estatuto dos veciños.

TEMA 6.- As competencias municipais. Os servizos mínimos.

TEMA 7.- A organización municipal. Órganos necesarios. Atribucións e delegacións. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais. Sesións e adopción de acordos.

TEMA 8.- O persoal ao servizo das Corporacións Locais. Situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

TEMA 9.- Os bens das entidades locais: clases e réxime xurídico.

TEMA 10.- Os contratos das administracións públicas. Principios xerais. Tipos de contratacións e as súas características.

TEMA 11.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

TEMA 12.- O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

TEMA 13.- Lei orgánica 3/2018, do 05 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: Título II "*Principios de protección de datos*". Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Título I "*Dereito á Igualdade entre mulleres e homes*".

TEMA 14.- A Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español e o seu desenvolvemento regulamentario.

TEMA 15.- A Lei 5/2016, do 04 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

TEMA 16.- O Real Decreto 620/1987, do 10 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Museos de titularidade estatal e do Sistema Español de Museos.

TEMA 17.- O Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

TEMA 18.- Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia.

**B) PARTE ESPECÍFICA**

**B.1. Museoloxía e Museografía.**

TEMA 19.- O concepto de museo. Orixe e finalidade.



TEMA 20.- Museoloxía e Museografía. Definición e evolución.

TEMA 21.- Tipoloxía dos museos en función dos seus contidos.

TEMA 22.- A concepción espacial do museo. As súas áreas e características.

TEMA 23.- Exposición permanente. Criterios de instalación museográfica.

TEMA 24.- Exposicións temporais. Definición, xestión e organización.

TEMA 25.- Tipos de exposicións e a súa organización: coordinación e difusión.

TEMA 26.- Recursos e técnicas expositivas ao servizo da museografía didáctica.

TEMA 27.- O Proxecto Educativo do Museo (PRM): definición, obxectivos (didácticos e divulgativos) e tarefas específicas.

TEMA 28.- As novas tecnoloxías ao servizo da educación nos museos.

TEMA 29.- As actividades educativas dos museos para o ensino regrado.

TEMA 30.- O museo e a educación non formal e as actividades de tempo libre.

TEMA 31.- O obxecto, a linguaxe e o texto. Elementos básicos na difusión de contidos.

TEMA 32.- Acción cultural e educativa no museo. Os distintos públicos. Estratexias para satisfacer as súas expectativas.

TEMA 33.- A seguridade no museo.

TEMA 34.- O museo como elemento integrado e vertebrador dun produto turístico: musealización dunha cidade, museos de sitio, centros de interpretación, conxuntos arquitectónicos e xacementos visitables.

TEMA 35.- A conservación preventiva no museo.

TEMA 36.- Tratamento museístico do patrimonio arqueolóxico, etnográfico, pictórico e escultórico.

TEMA 37.- Persoal dos museos. Tipoloxía, funcións e situación.

TEMA 38.- Museos de Galicia. Función que desempeñan.

TEMA 39.- Catálogos, publicacións, manuais. Información e difusión.

TEMA 40.- Inventario e rexistros museísticos.

TEMA 41.- Elementos e normas para desenvolver un proxecto museístico.

TEMA 42.- Museos municipais. Representación, organización e funcionamento.

TEMA 43.- O sistema español de museos. Constitución e cooperación.

TEMA 44.- O museo como elemento integrador e vertebrador dun produto: musealización dunha cidade, museos de sitio, centros de interpretación, conxuntos arquitectónicos.

TEMA 45.- A investigación no museo.

TEMA 46.- A difusión do patrimonio: accesibilidade do museo, interpretación do patrimonio e comunicación co público.



## B.2. Os gravados.

TEMA 47.- Técnicas de Gravado: Releve (Xilografía/Linogravado); Calcografía (Oco); Litografía; Serigrafía; Monotipo.

TEMA 48.- Historia e Orixes: Idade Media e Renacemento: Auxe en Europa para difundir coñecemento (mapas, ciencia, relixión).

TEMA 49.- Historia e Orixes: Barroco: Dramatismo e crítica social (Goya).

TEMA 50.- Historia e Orixes: Séculos XIX e XX: Expansión con Impresionismo, vangardas (Picasso) e novas tecnoloxías (fotopolímeros).

TEMA 51.- Función e significado: Medio de comunicación e difusión: accesibilidade e masificación de imaxes.

TEMA 52.- Función e significado: Arte Autónomo: Evolución de medio a arte por dereito propio.

TEMA 53.- Función e significado: Crítica Social e Política: Uso como ferramenta de sátira e ideas (Goya, Pop Art).

TEMA 54.- Función e significado: Exploración estética: texturas, contrastes, profundidade (Rembrandt).

TEMA 55.- Alberto Durero. Rembrandt.

TEMA 56.- Francisco de Goya. Utagawa Hiroshige. Salvador Dalí.

TEMA 57.- Alfonso Costa. Manuel Ayaso. Leopoldo Novoa.

TEMA 58.- Materiais e tecnoloxía: Matrices: madeira, metal (cobre, zinc), pedra, linóleo, materiais sintéticos.

TEMA 59.- Materiais e tecnoloxía: Innovacións desenvolvemento de tintas, fotopolímeros, láser.

TEMA 60.- Museo do Gravado á Estampa Dixital de Ribeira: Historia, estruturación, coleccións propias.

## ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE.

| DATOS PERSOAIS    |            |            |
|-------------------|------------|------------|
| APELLIDOS E NOME: |            |            |
| DNI:              |            |            |
| ENDEREZO:         |            |            |
| Rúa:              |            |            |
| Código Postal:    | Municipio: | Provincia: |



|                                                          |
|----------------------------------------------------------|
| Teléfono de contacto:                                    |
| Conta de correo electrónica [campo non obrigatorio] (*): |

|                                           |
|-------------------------------------------|
| <b>DATOS DA PRAZA</b>                     |
| DENOMINACIÓN: DINAMIZADOR/A MUSEO GRAVADO |
| GRUPO: II                                 |
| CÓDIGO RPT: 13.333.00.02                  |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |     |      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|------|
| <b>EXPOÑO:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |     |      |
| Á vista da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura da praza antes referida incluída na oferta de Emprego público do Concello de Ribeira para o ano 2024, publicada no BOP da Coruña número 245 de data 20/12/2024:                                                                                                                                                                                                                                                                                          |     |      |
| <b>DECLARO</b> reunir todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria e, así mesmo, declaro non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dito posto e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme e co coñecemento e expresa aceptación de todos os termos da mesma. |     |      |
| <b>SOLICITO</b> a miña participación no proceso de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |     |      |
| <b>Dispoño dun título acreditativo do nivel de lingua galega</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | SI: | NON: |
| <b>Solicito certificación de antigüidade:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | SI: | NON: |
| <b>Documentación que se achega xunto coa solicitude:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Xustificante do ingreso das taxas do proceso selectivo.</li><li>➤ DNI</li><li>➤ Titulación académica esixida.</li><li>➤ Certificado de discapacidade (no seu caso).</li><li>➤ Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega.</li><li>➤ Outra (indicar):</li></ul>                                                                                                                                      |     |      |
| <b>Lugar, data e sinatura:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |     |      |



**49.- BASES XERAIS REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POR PROMOCIÓN INTERNA, UNHA PRAZA DE CAPATAZ DE OBRAS, EN DESENVOLVEMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023. EXPEDIENTE: 2025 PSEL000033**

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

**ANTECEDENTES**

Por Providencia de Alcaldía asinada na data 15/09/2025, dispónse que se procede á iniciación do procedemento administrativo para a provisión dunha praza de capataz de obras (persoal laboral fixo), a cubrir pola quenda de promoción interna, en desenvolvemento da OEP do Concello de Ribeira para o ano 2023.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.
- Real Decreto 896/1991, do 07 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- (*Supletoriamente*) Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Ribeira 2023-2024.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**PRIMEIRA.- Plantilla de persoal.**

O artigo 90.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), prevé que as entidades locais aprobarán anualmente, a través do orzamento, a plantilla, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. As plantillas deberán responder ós principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan superar os límites que se fixen con carácter xeral. Engade o artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), que a elas se unirán os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan ós mencionados principios.



A diferenza da relación de postos de traballo regulada nos artigos 90.2 da LRBRL, e 126.4 do TRRL, a plantilla non determina as características esenciais dos postos de traballo, nin os requisitos para a súa ocupación, sendo a súa finalidade a ordenación orzamentaria; é por tanto consubstancial coa potestade de autoorganización prevista nos artigos 4.1a) da LRBRL e 4.1.a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O TS entende que a plantilla non se aproba como un acto ou documento separado dos orzamentos, senón que forma parte dos mesmos e ten principalmente efectos económicos (Sentenzas do TS de 18/07/1990 e de 03/02/1997).

Tamén considera que debe comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aínda que non sexan permanentes (Sentenza do TS de 12/12/1997).

**No caso que nos ocupa a praza de capataz de obras obxecto deste expediente, está incluída no cadro de persoal do orzamento xeral do Concello de Ribeira para o ano 2025, aprobado por acordo do Pleno da Corporación en sesión de data 26/11/2025, e publicado no BOP número 248 de data 29/12/2025, polo que se estaría a cumprir con este requisito.**

#### **SEGUNDA.- Relación de Postos de Traballo.**

Respecto á relación de postos de traballo, o artigo 90.2 da LRBRL, prevé que as entidades locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública, e que corresponde ó Estado establecer as normas para a elaboración das RPT, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación. Engade o artigo 126.4 do TRRL, que as RPT terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, e confeccionaranse de conformidade ás normas previstas no artigo 90.2 da LRBRL.

Resulta, por tanto, obrigatorio para todas as entidades locais, como instrumento técnico de ordenación do persoal, a aprobación da RPT, sen embargo, non resulta estráño en moitos municipios pequenos a súa inexistencia formal, e xa o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), suple esta carencia permitindo no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estructuren a súa organización a través das RPT “*u outros instrumentos organizativos similares.*”

**No caso que nos ocupa, a citada praza ven recollida na RPT definitivamente aprobada por acordo plenario de data 27/03/2023, e publicada no BOP número 65 de data 04/04/2023, coas características que se dispoñen a continuación, polo que tamén se estaría a cumprir con este requisito:**

|                                   |                                             |
|-----------------------------------|---------------------------------------------|
| Código:                           | 05.453.02.01                                |
| Denominación:                     | Capataz Obras                               |
| Tipo                              | Laboral                                     |
| Escala/Subescala/Clase/Categoría: | Categoría segundo convenio.                 |
| Grupo:                            | IV/V                                        |
| Nivel:                            | 16/14                                       |
| Provisión:                        | C                                           |
| R.N.:                             | U.E                                         |
| Titulación:                       | Certificado de escolaridade ou equivalente. |





|                       |      |
|-----------------------|------|
| Formación Específica: |      |
| Administración:       | A.L. |
| Observacións:         |      |

**TERCEIRA.- Oferta de emprego público.**

Por último e respecto á oferta de emprego público, a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para 2024 e 2025, dispón no seu artigo 20.Un.1 que a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, a excepción dos órganos contemplados no apartado Un. e) do artigo 19, levarase a cabo a través da OEP, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

A regulación da OPE atópase recollida no artigo 90.2 da LRBRL, que prevé que as entidades locais formularán publicamente a súa oferta de emprego, axustándose ós criterios fixados na normativa estatal básica e no artigo 128.1 do TRRL, que engade que a OPE aprobarase e publicárase no prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e ós criterios que regulamentariamente se establezan en desenvolvemento da normativa básica estatal, para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas.

Pola súa parte, o artigo 70 do TREBEP, establece que as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da OPE, ou outro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un 10% adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da OPE ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos; aprobarase anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas e deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente. A OPE poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.

Neste caso, por Decreto da Alcaldía de data 26/12/2023, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para 2023, que comprende as prazas vacantes dotadas no Orzamento da Corporación que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, e cumprindo as taxas de reposición a que se refire o artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, e que comprende, entre outras, a seguinte praza:

| Praza            | Tipo de vínculo xurídico<br>(funcionario de<br>carreira/persoal laboral fixo) | Código RPT   | Número de<br>prazas ofertadas |
|------------------|-------------------------------------------------------------------------------|--------------|-------------------------------|
| Capataz de obras | Persoal laboral fixo                                                          | 05.453.02.01 | 1 (por promoción<br>interna)  |

A referida Oferta de Emprego Público foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 34 do 16 de febreiro do 2024, e no Boletín Oficial da Provincia número 247 do 29 de decembro do 2023.

**Polo exposto, estase a cumprir co requisito da existencia da OPE na que se inclúe a praza obxecto deste informe.**



#### **CUARTA.- Principios dos procedementos de selección.**

A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia). Tendo en conta en todo caso que:

- Poderán participar nos procesos selectivos todos os cidadáns que reúnan os requisitos previstos nos artigos 56 do TREBEP, e 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- O procedemento de selección axustarase ao disposto na lexislación básica do Estado sobre función pública (artigo 133 TRRL).
- O procedemento terá carácter aberto, sendo as convocatorias libres, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas no TREBEP e no TRRL. Ademais deberán respectar os requisitos esixidos no artigo 61 do TREBEP.
- As probas de selección rexeranse polas bases que aprobe a Alcaldía, a quen corresponderá a súa convocatoria (artigos 21.1.g) e 102.1 da LRBRL).
- Os anuncios das convocatorias de probas de acceso á función pública local deberán publicarse no Boletín Oficial do Estado e no diario oficial correspondente e as Bases no Boletín Oficial da Provincia e no diario oficial correspondente (artigos 97 LRBRL e 58.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).
- Nas probas selectivas, o tribunal ou órgano similar elevará a correspondente relación de aprobados á Alcaldía ou Concellería que por delegación ostente a xefatura directa do persoal que facer o seu nomeamento (artigos 21.1 h) e 102.2 LRBRL, en concordancia co artigo 136 TRRL).
- Os órganos de selección de persoal serán colexiados e a súa composición deberá axustarse ós principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendendo á paridade entre mulleres e homes, sen que poidan formar parte dos mesmos o persoal de elección ou de designación política, nin o persoal funcionario interino ou laboral temporal nin o persoal eventual (artigo 60 TREBEP e 59 da Lei 2/2025, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

#### **QUINTA.- Promoción interna.**

O artigo 18 do TREBEP, regula a promoción interna mediante procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no seu artigo 55.2, esixindo que os funcionarios posúan os requisitos esixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo no inferior Subgrupo, ou Grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña Subgrupo e superar as correspondentes probas selectivas. Os



sistemas para realizar a promoción interna articularanse nas Leis de Función Pública que as Comunidades Autónomas diten no seu desenvolvemento. As Administracións Públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional.

**O artigo 19 do TREBEP, dispón que o persoal laboral terá dereito á promoción profesional, que se fará efectiva, xunto coa carreira profesional, a través dos procedementos previstos no Estatuto dos Traballadores ou nos convenios colectivos.**

En virtude da autorización do artigo 18 do EBEP, o artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a promoción interna vertical do persoal funcionario de carreira, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este teña subgrupo, a outro superior. Dispón este precepto que:

1.- Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, un mínimo dun vinte a cinco por cento das prazas convocadas reservárase para persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, inmediatamente inferior que reúna os seguintes requisitos:

a) Posuír a titulación e os demais requisitos esixidos.

b) Ter prestados servizos efectivos na condición de persoal funcionario durante polo menos dous anos no subgrupo ou grupo de clasificación profesional desde o que se pretenda promocionar.

c) Non superar a idade de xubilación forzosa.

As prazas reservadas para a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria.

2.- Así mesmo, o persoal funcionario dos corpos ou escalas do subgrupo de clasificación profesional C1 pode participar nos procesos selectivos de promoción interna para o acceso aos corpos ou escalas do subgrupo A2, sempre que cumpra os requisitos establecidos na alínea anterior.

Nas mesmas condicións, o persoal funcionario das agrupacións profesionais de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode participar nos procesos de promoción interna para o acceso aos corpos ou escalas do subgrupo C2.

3.- As convocatorias dos procesos selectivos poderán eximir total ou parcialmente ó persoal que participe nelas polo sistema de promoción interna vertical dalgunha das probas selectivas esixidas ao persoal de novo ingreso e/ou reducir parte do temario. En todo caso, as probas para cubrir as prazas reservadas para a promoción interna vertical respectarán os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais establecidos nos artigos 49 e 55 desta lei, e poderanse levar a cabo en convocatorias independentes das de ingreso cando, por conveniencia da planificación xeral dos recursos humanos, así o autorice o Consello da Xunta de Galicia ou o órgano competente da Administración pública respectiva.

Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna preverase unha puntuación específica para quen estea a utilizar ou utilizase nos últimos cinco anos unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares. A puntuación asinada será proporcional ó tempo de duración do permiso, redución ou excedencia gozado en cada caso.

4.- O persoal funcionario que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical ten preferencia sobre o persoal de novo ingreso na provisión dos postos vacantes ofertados, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha



mesma convocatoria. Malia o anterior, a convocatoria do proceso selectivo poderá prever a permanencia no posto de traballo do persoal que promociione, cando ocupe con carácter definitivo un posto aberto á provisión polo corpo ou a escala a que acceda.

5.- O persoal funcionario que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical ten dereito ao recoñecemento, nos termos que regulamentariamente se determinen, da progresión na carreira profesional que acadase no corpo ou escala de procedencia e a manter o nivel retributivo vinculado a esa progresión. Asemade, o tempo de servizos prestados no corpo ou escala de procedencia será aplicable, de ser o caso, para a progresión na carreira profesional no novo corpo ou escala.

O previsto nesta alínea é tamén aplicable ao persoal funcionario que acceda por integración a outro corpo ou escala do mesmo ou superior subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo.

**O artigo 82 da Lei 2/2015, dispón que a carreira profesional e a promoción do persoal laboral faranse efectivas a través dos procedementos previstos na lexislación laboral e nos convenios colectivos.**

**O artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aprobe o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, dispón que os ascensos dentro do sistema de clasificación profesional produciranse conforme ó que se estableza en convenio ou, no seu defecto, en acordo colectivo entre a empresa e os representantes dos traballadores.** En todo caso os ascensos produciranse tendo en conta a formación, méritos, antigüidade do traballador, así como as facultades organizativas do empresario. Os ascensos e a promoción profesional na empresa axustaranse a criterios e sistemas que teñan como obxectivo garantir a ausencia de discriminación, tanto directa como indirecta, entre mulleres e homes, podendo establecerse medidas de acción positiva dirixidas a eliminar ou compensar situacións de discriminación.

**O artigo 40.4 do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Ribeira dispón o seguinte en relación á promoción interna vertical:**

*"1.- A promoción interna consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no caso de que esta non teña subgrupo, a outro superior.*

*2.- Os/as empregados/as deberán posuír os requisitos esixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo no inferior subgrupo, ou grupo de clasificación profesional, no caso de que esta non teña subgrupo, e superar as correspondentes probas selectivas.*

*3.- A promoción interna realizarase mediante procesos selectivos reservando un mínimo dun 25% das vacantes convocadas para persoal pertencente a corpos ou escalas do grupo inmediatamente inferior, e deberán garantir o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como a publicidade das convocatorias e das súas bases, transparencia, imparcialidade, profesionalidade, independencia e discrecionalidade na súa actuación por parte dos membros dos órganos de selección.*

*4.- O persoal que acceda a outros corpos ou escalas polo sistema de promoción interna terán, en todo caso, preferencia para cubrir os postos vacantes ofertados sobre os aspirantes que non procedan desta quenda.*

*Ademais, os aspirantes que superen tal proceso selectivo poderán tomar posesión da praza que xa viñesen desempeñando con carácter definitivo cando o nivel desta se encontre incluído no intervalo de niveis do corpo e grupo ao que accedan.*

*Igualmente, os aspirantes aprobados na quenda de promoción interna poderán solicitar que se lles adxudique destino no posto que viñesen desempeñando ou noutros postos vacantes dotados orzamentariamente, sempre que sexan de necesaria cobertura e se*



*cumpran os requisitos establecidos na relación de postos de traballo. Neste caso, quedarán excluídos do sistema de adxudicación de destinos pola orde de puntuación obtida no proceso selectivo.*

*As prazas reservadas a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre.*

*5.- Así mesmo, o persoal que acceda a outros corpos ou escalas polo sistema de promoción interna conservarán o seu grao persoal que xa consolidasen no corpo ou na escala de procedencia, sempre que estea incluído no intervalo de niveis correspondente ao novo corpo ou escala, e o tempo de servizos prestados naqueles será aplicable, se é o caso, para a consolidación do grao persoal neste."*

#### **SEXTA.- Sistemas selectivos.**

Con carácter básico, o artigo 19.2 do TREBEP, establece que: *"A carreira profesional e a promoción do persoal laboral farase efectiva a través dos procedementos previstos no Estatuto dos Traballadores ou nos convenios colectivos ."*

O artigo 61 do TREBEP permite para o acceso do persoal laboral fixo tanto a oposición, concurso-oposición ou concurso de valoración de méritos, así o dispón no seu apartado 7: ***"Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos."***

Así mesmo, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinala no seu artigo 57 o seguinte: ***"2. O persoal laboral fixo pode ser seleccionado polos sistemas de oposición ou concurso-oposición, coas características establecidas no artigo anterior ou, excepcionalmente, polo sistema de concurso de valoración de méritos. As Administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen a actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos do persoal laboral."***

E no seu artigo 205, incluído no Título X da Lei e referido ás especialidades do persoal ao servizo das entidades locais, dispónse que: ***"1. Cada entidade local levará a cabo os procesos de selección do seu persoal propio, de acordo coas regras básicas, en particular en materia de titulación, e cos programas mínimos fixados pola lexislación básica do Estado, e mais co disposto por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento. 2. Os procesos de selección e os procedementos de provisión de postos de traballo do persoal propio das entidades locais réxense polas bases que aprobe o órgano da entidade local que resulte competente consonte a lexislación de réxime local, a quen corresponderá tamén a convocatoria. 3. Malia o previsto nas alíneas anteriores, as entidades locais, por acordo do pleno, poderán encomendar á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e selección do seu persoal. Neste caso, a consellería competente en materia de Administración local aprobará as bases e as convocatorias e efectuará os correspondentes procesos selectivos no marco do establecido pola encomenda e por esta lei. 4. Os anuncios de convocatorias de probas de acceso ao emprego público local e dos procedementos para a provisión de postos de traballo deben publicarse no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases publicaranse no boletín oficial da provincia. 5. O nomeamento das persoas que superen o correspondente procedemento selectivo corresponderá ao órgano que, consonte a lexislación de réxime local, exerza a xefatura directa do persoal."***





Polo exposto, si se permite para o acceso do persoal laboral fixo calquera dos referidos sistemas de acceso (oposición, concurso-oposición ou concurso de méritos), con idéntica razón se permitiría para a promoción interna.

Agora ben, na miña opinión, a posibilidade do emprego do sistema de concurso de méritos debería estar establecida no convenio colectivo. Noutro caso, debería motivarse suficientemente a elección deste sistema pola limitación ó principio de capacidade, recordemos que o artigo 55.1 do TREBEP dispón que todos os cidadáns teñen dereito ó acceso ó emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, principios que son aplicables a todo o emprego público.

A este respecto, o mencionado **artigo 40.4 do Convenio Colectivo do persoal laboral** ao servizo do Concello de Ribeira, recollido literalmente neste informe e que regula a promoción interna vertical, **non establece a posibilidade do emprego do concurso de méritos, mencionando expresamente a necesidade de superación das correspondentes probas selectivas**. Así mesmo, o artigo 40.5 da norma convencional, recolle expresamente a necesidade de superación das probas de capacidade que se determinen en cada convocatoria, cando se refire á promoción interna horizontal.

Cómpre mencionar a este respecto, a **Sentenza do Tribunal Constitucional de 08/02/2022**, sobre a promoción directa por unha norma con rango de lei autonómica, que reflexiona sobre a necesidade de “superar as correspondentes probas selectivas”: “4. (...) *El derecho a la promoción interna comprende la posibilidad de ascenso al grupo inmediatamente superior al que pertenece el funcionario, lo que afecta a los dos principios rectores de la función pública: la consideración de los títulos académicos exigidos para el acceso como criterio taxonómico para clasificar los cuerpos, escalas, clases y categorías de funcionarios, y el mandato de que la promoción interna atienda a los requisitos exigidos para acceder a la función pública, entre los que se encuentra, además de la titulación necesaria, la imprescindible superación de pruebas selectivas. (...).*”

De conformidade co referido, enténdese que non podería utilizarse o sistema de concurso para o acceso ou promoción do persoal laboral, ó non estar establecido no convenio colectivo, e non constar motivación suficiente para a elección deste sistema. Polo contrario, si pode utilizarse o concurso-oposición, ó ser un sistema que inclúe probas de capacidade.

**SÉTIMA.- Regras básicas e programas mínimos no procedemento de selección.**

As regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección e formación dos funcionarios e os títulos académicos requiridos para tomar parte nas probas selectivas serán os establecidos pola Administración do Estado (artigo 100.2 LRRL).

É de aplicación, polo tanto, o Real Decreto 896/1991, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local. O seu contido ten a consideración de normativa básica, no sentido previsto no artigo 149.1.18ª da CE, a excepción dos artigos e/ou apartados que se detallan na súa Disposición Final Primeira. Cabe destacar as seguintes particularidades:

- O contido do anuncio da convocatoria que se publique no Boletín Oficial do Estado terá o contido previsto no artigo 6.2.





- A resolución das probas selectivas e os correspondentes nomeamentos efectuaranse de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante (artigo 7).
- Os programas dos exercicios teóricos de selección serán aprobados por cada Concello e conterán materias comúns e materias específicas na proporción que determine a convocatoria (artigo 8.1).
- O contido mínimo dos programas será o establecido no artigo 8.2. A súa extensión e profundidade adecuarase ós niveis de titulación esixidos e á especialidade profesional da correspondente Escala, Subescala ou Clase de funcionarios. Cada concello poderá engadir os temas que considere necesarios para garantir a selección dos/as aspirantes mais cualificados para o desempeño das prazas convocadas (artigo 8.4).
- O número mínimo de temas en que deberán desenvolverse os contidos mínimos será o esixido polo artigo 8.3 (20 temas para o ingreso no Grupo D).
- As probas selectivas comprenderán, segundo a natureza e características das prazas convocadas, un ou varios exercicios prácticos, test psicotécnicos, mecanografía, tratamento de textos, redacción de informes e proxectos, solución de supostos e outros similares que se consideren axeitados para xulgar a preparación dos/as aspirantes en relación aos postos de traballo a desempeñar (artigo 9).

Non obstante, cómpre ter en conta o disposto nos artigos 77 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo e 80.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que establecen a exención na fase de oposición das probas encamiñadas a acreditar os coñecementos xa esixidos no corpo ou escala de orixe e reducir o temario:

- Artigo 77 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo: *“En las convocatorias podrá establecerse la exención de las pruebas sobre aquellas materias cuyo conocimiento se haya acreditado suficientemente en las de ingreso al Cuerpo o Escala de origen.*
- Artigo 80.3 da Lei 2/2025, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: *“As convocatorias dos proceso selectivos poderán eximir total ou parcialmente o persoal que participe neles polo sistema de promoción interna vertical dalguna das probas selectivas exixidas ao persoal de novo ingreso e/ou reducir parte do temario. En todo caso, as probas para cubrir as prazas reservadas para a promoción interna vertical respectarán os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais establecidos nos artigos 49 e 55 desta lei, e poderanse levar a cabo en convocatorias independentes das de ingreso cando, por conveniencia da planificación xeral dos recursos humanos, así o autorice o Consello da Xunta de Galicia ou o órgano competente da Administración pública respectiva.”*

Enténdese que estes artigos son de aplicación ás convocatorias dos procesos selectivos de promoción interna do persoal laboral, en atención ó disposto polo artigo 40.7 do Convenio Colectivo do Concello de Ribeira para persoal laboral: *“A provisión de postos do persoal laboral realizarase de conformidade co establecido no presente acordo e, subsidiariamente, polo sistema de provisión de postos do persoal funcionario.”*

**OITAVA.- Órgano municipal competente.**



O órgano municipal competente para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal é o alcalde, segundo o disposto no artigo 21.1g) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 20/10/2025.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/12/2025, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/01/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** Aprobación das bases que a continuación se transcriben para cubrir en propiedade, por promoción interna, unha praza de CAPATAZ DE OBRAS da unidade de mantemento de infraestruturas do departamento de obras públicas e mantemento de infraestruturas (persoal laboral fixo, código RPT vixente 05.453.02.01) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2023.

**Segundo.-** Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e 204.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publicándose o anuncio da súa convocatoria no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

**Terceiro.-** Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POR PROMOCIÓN INTERNA, UNHA PRAZA DE CAPATAZ DE OBRAS PARA O DEPARTAMENTO DE OBRAS PÚBLICAS E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS EN DESENVOLVEMENTO DA OPE 2023.**

A presente convocatoria constitúe o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2023, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 26/12/2023 e publicada no DOG número 34 do 16/12/2024 e no BOP da Coruña número 247 do 29/12/2023, e réxese polas seguintes normas:

**1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto desta convocatoria a cobertura en propiedade, a través do sistema selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN por PROMOCIÓN INTERNA, dunha praza de CAPATAZ DE OBRAS, pertencente ó cadro de persoal laboral, grupo IV, nivel 16.

De conformidade co disposto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Ribeira, aprobada na data 27/03/2023, a praza está adscrita ao departamento de obras públicas e mantemento de infraestruturas, código 05.453.02.01.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

As funcións propias do posto obxecto da convocatoria, segundo dispón a relación de postos de traballo vixente son as seguintes:

- Asumir a supervisión da actividade da sección, coordinando as actuacións da mesma.
- Organizar e dirixir o traballo do persoal adscrito á sección.
- Realizar o seguimento das actuacións materiais da sección, supervisando e coordinando as mesmas con outras unidades ou departamentos cando sexa preciso.
- Colaborar e participar activamente nas actuacións materiais da sección, realizando tarefas propias da súa capacitación profesional.



- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

#### 2ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española**, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter feitos os 16 anos** e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Ser persoal ó servizo do Concello de Ribeira, coa condición actual de persoal laboral fixo, pertencente ó grupo V.**
- Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) **da seguinte titulación: graduado en ESO ou equivalente**, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.  
No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia.  
As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación.
- Ter prestado servizos efectivos como persoal laboral fixo pertencente ó grupo V desde o que se promociona, durante un período mínimo de dous anos.**
- Estar en posesión do permiso de conducir das clases B e C e da tarxeta de cualificación do condutor**, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Estar en posesión do Celga 2** ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007. No seu defecto, ó/a aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.** A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de ser o caso, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.
- Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade**, conforme á normativa vixente.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública** ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, **nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta** ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa fose separada ou inhabilitada.  
No caso de nacionais doutros Estados, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.



Todos os requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión.

### 3ª.- TAXA POR DEREITOS DE EXAME.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 12,18 € de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal situado na Praza dos Mariñeiros (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas).
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓN, seleccionando as seguintes opcións:
  - Tributo: **Dereitos de exame.**
  - A liquidar: **Grupo D ou asimilado.**
  - Observacións: Nome da praza á que se opta."

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: "*Pagar on line*", ou "*imprimir recibo*" e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

### 4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO II nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta Convocatoria.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado. Igualmente coas solicitudes nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 03 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas. O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

As ditas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) durante o prazo de **VINTE DÍAS NATURAIS, QUE SE INICIARÁ O DÍA SEGUINTE Ó DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA NO BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO**. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da sede electrónica do Concello de Ribeira (<https://sede.ribeira.gal>).

**Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:**

- a) Xustificante do ingreso da taxa dos dereitos de exame.
- b) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- c) Copia da titulación académica esixida na letra d) da Base 2ª.



- d) Certificado de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado, así coma solicitude de adaptación de tempos e medios, de ser o caso.
- e) Copia do permiso de conducir das clases B e C e da tarxeta de cualificación do condutor.
- f) A acreditación do coñecemento da lingua galega se se dispón dela. En caso contrario a persoa aspirante terá que realizar a proba do coñecemento do idioma galego.
- g) Relación dos méritos que se acrediten por cada un dos apartados de que conste o concurso, en modelo que se engade como Anexo III.
- h) Documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes. Dita documentación deberá ir ordenada e numerada segundo a orde establecida nesta convocatoria.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### 5ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

As presentes Bases publicaranse no BOP, e a convocatoria correspondente ás mesmas, efectuarase a través de anuncios no BOP, DOG e BOE, conxuntamente coa súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse o serán a través do BOP e taboleiro de anuncios (sede electrónica). As relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través do taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias faranse a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral do procedemento administrativo, tal e como se especifica na Base 4ª desta convocatoria.

A información de carácter persoal contida nas publicacións que se realicen será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

#### 6ª.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicaráse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

Os/as aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de 10 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación. En ningún caso serán obxecto de emenda ou mellora a documentación achegada para a fase de concurso.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

Na mesma resolución serán resoltas as reclamacións que se formularan á lista provisional, e determinarase o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.

De non presentarse reclamacións á lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva, facéndose constar tal circunstancia no anuncio antes referido.



Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva poderán os/as interesados/as interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición do/a interesado.

#### **7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ó mesmo será sempre a título individual, sen que poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer de persoas asesores especialistas para as probas, que serán nomeados pola Alcaldía-Presidencia, así como de persoal de soporte e apoio que sexa necesario para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. Os asesores especialistas colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para vulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador, adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos do Tribunal Cualificador poderase interpoñer o seguinte recurso:

Contra as propostas finais dos/as aspirantes aprobados e, en xeral, contra os actos de trámite, si estes últimos deciden, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a





dereitos e intereses lexítimos, e que no esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte o da súa notificación, ou da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e todo elo sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro que estime pertinente.

#### 8ª.- PROCESO SELECTIVO.

A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

##### 8.1. Sistema de Selección:

O sistema de selección é do de **CONCURSO-OPOSICIÓN** que consistirá na realización das fases que se refiren a continuación:

##### 8.1.1. Fase de concurso de méritos.

Con anterioridade á fase de oposición, procederase á avaliación da fase de concurso. Non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do Tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes. Valorarase ata un máximo de 15,5 puntos. A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirase en sesión non pública para proceder á súa valoración. Soamente teranse en conta os documentos acreditativos que aqueles/as presentasen ata o peche do prazo da convocatoria, sen que poidan presentarse méritos en período de corrección. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento de finalización do prazo de presentación de instancias. Con todo, non será necesario presentar documentos que xa se atopen en poder desta Administración, o cal deberá ser alegado expresamente polo/a aspirante.

##### a) Experiencia profesional:

- Experiencia a valorar: Valoraranse os servizos prestados como capataz de obras, en calquera Administración Pública, e na condición de empregado público (laboral ou funcionario/a). A estes efectos, tomarase sempre como referencia o Informe de Vida Laboral e teranse en conta única e exclusivamente os días traballados que figuren no citado informe, procedendo da forma seguinte: sumaranse os días que se correspondan co tempo traballado no posto de capataz de obras e o seu resultado dividirase por 30 (media de días que ten un mes), multiplicando o resultado desta división por 0,10. Valoraranse os servizos prestados como operario/a, en calquera Administración Pública, e na condición de empregado público (laboral ou funcionario/a). A estes efectos tomarase sempre como referencia o Informe de Vida Laboral e teranse en conta única e exclusivamente os días traballados que figuren no citado informe, procedendo da forma seguinte: sumaranse os días que se correspondan co tempo traballado no posto de operario/a e o seu resultado dividirase por 30 (media de días que ten un mes), multiplicando o resultado desta división por 0,05.
- Forma de acreditación: A experiencia laboral acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dun certificado da Administración Pública de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e fin. A non presentación de ámbolos dous documentos (**Vida Laboral + certificado da Administración Pública de procedencia**) suporá a non valoración do mérito alegado. Si esta certificación debера ser expedida polo Concello de Ribeira, a persoa solicitante non deberá aportala, facéndoo constar o/a aspirante na solicitud e sendo o propio Concello quen o aporte ao procedemento como si o houbera



presentado a propia persoa interesada, e con carácter previo ó momento no que se valoren os méritos.

- Puntuación máxima por este apartado: 12 puntos.

**b) Cursos de formación e perfeccionamento:**

- Cursos a valorar: Valorarase a realización, como alumno/a, de cursos ou actividades formativas impartidos por unha Administración Pública, por unha Universidade, por Colexios Profesionais, por Institutos ou Escolas Oficiais ou por unha Organización Sindical, sempre que se atopen relacionados coa praza á que se opta.

Non se valorarán os cursos ou accións formativas impartidos por unha entidade privada, agás que se realicen no ámbito da Formación para o Emprego ou no ámbito dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas, e contén coa colaboración dunha Administración Pública. O seu contido tamén ten que estar relacionado coa praza á que se opta.

No caso de que non se especifiquen o número de horas de duración, ou no caso de cursos de duración inferior a 5 horas, non se concederá puntuación algunha. Tampouco se puntuarán os certificados de asistencia a congresos, charlas, xornadas ou similar estean ou non relacionados co posto de traballo, nin as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica, nin os módulos ou partes integrantes dun curso.

Así mesmo, valoraranse os cursos considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega (a excepción dos títulos acreditativos do coñecemento da lingua galega esixidos como requisito para a participación no proceso selectivo do posto ó que se opta), os relacionados coa saúde laboral e prevención de riscos laborais, cos dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos, co procedemento administrativo común, coa transparencia, coa igualdade e violencia de xénero, a protección de datos, a atención ao cidadán e habilidades comunicativas e sociais, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral, os idiomas (agás o coñecemento da lingua galega ao tratarse dun requisito non dun mérito) e os de contido ofimática e informática.

- Por cursos de duración comprendida entre 5 e 20 horas: 0,35 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 21 e 40 horas: 0,55 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 41 e 60 horas: 0,75 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 61 e 100 horas: 0,95 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas: 1,25 puntos.
- Forma de acreditación: Realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido polo organismo correspondente.
- Puntuación máxima por este apartado: 3 puntos.

**c) Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia:**

- Permiso por parto: 0,05 puntos por permiso, cun máximo de 0,20 puntos.
- Permiso por adopción: 0,05 puntos por permiso, cun máximo de 0,20 puntos.
- Permiso por garda con fins de adopción ou acollemento: 0,025 puntos por permiso, cun máximo de 0,10 puntos.
- Redución de xornada: 0,016 puntos por mes completo de redución, ata un máximo de 0,20 puntos.
- Excedencia para o coidado de familiares: 0,005 puntos por mes completo de excedencia ata un máximo de 0,20 puntos.



- Forma de acreditación: Realizárase mediante a correspondente resolución administrativa de outorgamento do correspondente permiso, redución de xornada ou concesión da excedencia.
- Puntuación máxima por este apartado: 0,50 puntos.

#### **8.1.2. Fase de oposición.**

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:

- a) **Primeiro exercicio.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en responder por escrito, no tempo máximo de 60 minutos, un cuestionario de 30 preguntas que poderán ser soamente tipo test con catro respostas alternativas, sendo só unha delas a correcta, ou tamén poderá incluír preguntas curtas cunha única resposta a redactar polo/a aspirante. Tamén haberá que responder 5 preguntas adicionais de reserva. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria que se recolle no Anexo I.
- O exercicio será cualificado de 0 a 30 puntos (a razón de 1 punto por cada resposta correcta), sendo necesario alcanzar un mínimo de 15 puntos (15 respostas correctas) para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados/as. Unha vez realizado o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica), fixando, así mesmo, a data de realización do segundo exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de "NON APTO/A".
- b) **Segundo exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixido á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO". De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos/as da realización desta proba os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado CELGA 2, a validación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.

#### **8.1.2.1. Desenvolvemento das probas da oposición.**

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e, de resultar necesario, dos colaboradores e especialistas designados.

Os/as aspirantes serán convocados por orde alfabética do primeiro apelido para cada exercicio en chamamento único, de maneira que quen non compareza será excluído.

Para a realización dos exercicios, farase un chamamento a viva voz, e declararase decaído no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído do proceso selectivo. Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante á/s sala/s ou aula/s na/s que esta teña lugar. Tampouco se permitirá a incorporación de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.

Os/as aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impidise acudir, excepto que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.

As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coas súa situación.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.



Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

Dende a terminación dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

#### **8.1.3. Presentación de reclamacións.**

Contra a valoración provisional da fase de concurso, os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal. Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na valoración e procederase á publicación definitiva no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba da fase de oposición. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén pode consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao correo electrónico [maria.sieira.rios@ribeira.gal](mailto:maria.sieira.rios@ribeira.gal), a condición de que consta a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

#### **9ª.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal determinará a relación dos/as aspirantes por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de nomeamento a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación mais alta, obtida como resultado da suma das puntuacións acadadas nas dúas fases do proceso selectivo. O tribunal non poderá facer proposta de nomeamento a favor dun número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

Non obstante ó anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes ao de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan á proposta, para o seu posible nomeamento como persoal laboral fixo.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ós/ás aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame dedúzase que carecen dos requisitos indicados na base 2ª da presente convocatoria.

O tribunal poderá declarar deserta a praza obxecto da presente convocatoria que non resulte cuberta á súa finalización por non superar o proceso selectivo un número suficiente de aspirantes.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade: 1ª) a nota máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición; 2ª) a puntuación máis alta no apartado de experiencia profesional da fase de concurso; e 3ª) a puntuación mais alta no apartado de formación da fase de concurso.



De persistir o empate, este resolverase por sorteo cuxa realización se anunciará a fin de garantir presenza voluntaria dos/as aspirantes afectados/as, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración.

#### **10ª DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DO/A ASPIRANTE PROPOSTO/A.**

O/a candidato/a finalista que fose proposto/a polo tribunal para ocupar a praza convocada deberá achegar, no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir a praza convocada, que serán os indicados na Base 2ª da presente convocatoria.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia.

#### **11ª.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Rematado o proceso selectivo, e á vista da documentación presentada, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como persoal laboral fixo ao aspirante correspondente notificándolle a tal efecto. Esta resolución do alcalde publicaráse no Boletín Oficial da Provincia.

A formalización do contrato efectuarase no prazo dun mes, a partir da referida publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

Previamente á sinatura do contrato, o/a aspirante contratado/a deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

#### **12ª NORMAS FINAIS.**

Primeira.- Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, ó tribunal encargado de xulgar os procesos e ás persoas que nel participan.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

#### **ANEXO I: TEMARIO**

1. Saúde laboral: Lei 31/1995 de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais. Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención. Seguridade e saúde nas obras.
2. O Concello de Ribeira. Caracterización xeral do núcleo e do termo municipal: vías urbanas, rústicas, morfoloxía das rúas. Organización municipal. Servizos públicos que presta.
3. Sistema métrico decimal. Medicións, cálculo de superficies e volumes. Interpretación de planos e proxectos de obra.



4. Organización do traballo en equipo, control e seguimento de obras.
5. Albanelería: Ferramentas, Útiles e Maquinaria e Materiais.
6. Encofrados. Cimbras, etc. Medidas a realizar en obras de formigón. Colocación de armaduras.
7. Obras de fábrica. Muros e pilares. Tipos de cuadrillas necesarias. Como organizar a súa elaboración. Erros no aparello. Condicións de seguridade.
8. Fontanería: Ferramentas, Útiles e Maquinaria e Materiais.
9. Bordos: materiais e dimensións mais frecuentes. Formas de colocación. Pavimentación de beirarrúas. Pavimentos continuos e descontinuos. Lastros. Baldosas e terrazos. Pedra natural. Imbornales.
10. Escavacións e explanacións. Maquinaria e execución.
11. Recheos. Terrapléns e pedrapléns. Explanadas. Maquinaria. Execución.
12. Firmes. Bases granulares. Fabricación e execución. Maquinaria.
13. Sinalización horizontal e vertical. Balizamento. Barreiras de seguridade. Sinalización provisional de obras. Desvíos provisionais.
14. Obras de drenaxe transversal. Drenaxe lonxitudinal. Cunetas. Drenaxe profundo. Implantación e execución.
15. Formigóns e estruturas. Encofrados. Armaduras. Equipos de fabricación. Execución e posta en obra.
16. Conservación e mantemento de firmes. Bacheos. Materiais e equipos. Vixilancia e mantemento do sistema de drenaxe.
17. Xestión de residuos de construción e demolición.

**ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE.**

| DATOS PERSOAIS                                           |            |            |
|----------------------------------------------------------|------------|------------|
| APELLIDOS E NOME:                                        |            |            |
| DNI:                                                     |            |            |
| ENDEREZO:                                                |            |            |
| Rúa:                                                     |            |            |
| Código Postal:                                           | Municipio: | Provincia: |
| Teléfono de contacto:                                    |            |            |
| Conta de correo electrónica [campo non obrigatorio] (*): |            |            |





|                                |
|--------------------------------|
| <b>DATOS DA PRAZA</b>          |
| DENOMINACIÓN: CAPATAZ DE OBRAS |
| GRUPO: IV                      |
| CÓDIGO RPT: 05.453.02.01       |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |     |      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|------|
| <b>EXPOÑO:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |     |      |
| Á vista da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura das prazas incluídas na oferta de Emprego público do Concello de Ribeira para o ano 2023, publicada no BOP da Coruña número 247 de data 29/12/2023:                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |     |      |
| <b>DECLARO</b> reunir todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria e, así mesmo, declaro non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dito posto e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme e co coñecemento e expresa aceptación de todos os termos da mesma. |     |      |
| <b>SOLICITO</b> a miña participación no proceso de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |     |      |
| <b>Dispoño dun título acreditativo do nivel de lingua galega</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | SI: | NON: |
| <b>Solicito certificación de antigüidade:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | SI: | NON: |
| <b>Documentación que se achega xunto coa solicitude:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Xustificante do ingreso das taxas do proceso selectivo.</li><li>➤ DNI</li><li>➤ Titulación académica esixida.</li><li>➤ Certificado de discapacidade (no seu caso).</li><li>➤ Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega.</li><li>➤ Relación de méritos.</li><li>➤ Documentación xustificativa dos méritos alegados.</li><li>➤ Outra (indicar):</li></ul>                                           |     |      |
| <b>Lugar, data e sinatura:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |     |      |



**ANEXO III: MODELO DE RELACIÓN DE MÉRITOS**

|                           |  |
|---------------------------|--|
| <b>Nome e Apelidos</b>    |  |
| <b>D.N.I.</b>             |  |
| <b>Enderezo</b>           |  |
| <b>Correo electrónico</b> |  |
| <b>Teléfono</b>           |  |

**RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS NO PROCEDEMENTO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POR PROMOCIÓN INTERNA, DUNHA PRAZA DE CAPATAZ DE OBRAS DO DEPARTAMENTO DE OBRAS PÚBLICAS E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS**

|     |
|-----|
| 1.  |
| 2.  |
| 3.  |
| 4.  |
| 5.  |
| 6.  |
| 7.  |
| 8.  |
| 9.  |
| 10. |
| 11. |
| 12. |
| 13. |
| 14. |
| 15. |



**50.- BASES XERAIS REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POR PROMOCIÓN INTERNA, UNHA PRAZA DE CAPATAZ DE XARDÍNS, EN DESENVOLVEMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023. EXPEDIENTE: 2025 PSEL000034**

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

**ANTECEDENTES**

Por Providencia de Alcaldía asinada na data 15/09/2025, dispónse que se procede á iniciación do procedemento administrativo para a provisión dunha praza de capataz de xardíns (persoal laboral fixo), a cubrir pola quenda de promoción interna, en desenvolvemento da OEP do Concello de Ribeira para o ano 2023.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.
- Real Decreto 896/1991, do 07 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- (*Supletoriamente*) Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Ribeira 2023-2024.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**PRIMEIRA.- Plantilla de persoal.**

O artigo 90.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), prevé que as entidades locais aprobarán anualmente, a través do orzamento, a plantilla, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. As plantillas deberán responder ós principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan superar os límites que se fixen con carácter xeral. Engade o artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), que a elas se unirán os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan ós mencionados principios.

A diferenza da relación de postos de traballo regulada nos artigos 90.2 da LRBRL, e 126.4 do TRRL, a plantilla non determina as características esenciais dos postos de traballo, nin os requisitos para a súa ocupación, sendo a súa finalidade a ordenación orzamentaria; é



por tanto consubstancial coa potestade de autoorganización prevista nos artigos 4.1a) da LRRL e 4.1.a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O TS entende que a plantilla non se aproba como un acto ou documento separado dos orzamentos, senón que forma parte dos mesmos e ten principalmente efectos económicos (Sentenzas do TS de 18/07/1990 e de 03/02/1997).

Tamén considera que debe comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aínda que non sexan permanentes (Sentenza do TS de 12/12/1997).

**No caso que nos ocupa a praza de capataz de xardíns obxecto deste expediente, está incluída no cadro de persoal do orzamento xeral do Concello de Ribeira para o ano 2025, aprobado por acordo do Pleno da Corporación en sesión de data 26/11/2025, e publicado no BOP número 248 de data 29/12/2025, polo que se estaría a cumprir con este requisito.**

#### **SEGUNDA.- Relación de Postos de Trabajo.**

Respecto á relación de postos de traballo, o artigo 90.2 da LRRL, prevé que as entidades locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública, e que corresponde ó Estado establecer as normas para a elaboración das RPT, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación. Engade o artigo 126.4 do TRRL, que as RPT terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, e confeccionaranse de conformidade ás normas previstas no artigo 90.2 da LRRL.

Resulta, por tanto, obrigatorio para todas as entidades locais, como instrumento técnico de ordenación do persoal, a aprobación da RPT, sen embargo, non resulta estraño en moitos municipios pequenos a súa inexistencia formal, e xa o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), suple esta carencia permitindo no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estructuren a súa organización a través das RPT “*u outros instrumentos organizativos similares.*”

**No caso que nos ocupa, a citada praza ven recollida na RPT definitivamente aprobada por acordo plenario de data 27/03/2023, e publicada no BOP número 65 de data 04/04/2023, coas características que se dispoñen a continuación, polo que tamén se estaría a cumprir con este requisito:**

|                                   |                                             |
|-----------------------------------|---------------------------------------------|
| Código:                           | 07.172.00.02                                |
| Denominación:                     | Capataz Xardíns                             |
| Tipo                              | Laboral                                     |
| Escala/Subescala/Clase/Categoría: | Categoría segundo convenio.                 |
| Grupo:                            | IV/V                                        |
| Nivel:                            | 16/14                                       |
| Provisión:                        | C                                           |
| R.N.:                             | U.E                                         |
| Titulación:                       | Certificado de escolaridade ou equivalente. |
| Formación Específica:             |                                             |
| Administración:                   | A.L.                                        |
| Observacións:                     |                                             |



**TERCEIRA.- Oferta de emprego público.**

Por último e respecto á oferta de emprego público, a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para 2024 e 2025, dispón no seu artigo 20.Un.1 que a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, a excepción dos órganos contemplados no apartado Un. e) do artigo 19, levarase a cabo a través da OEP, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

A regulación da OPE atópase recollida no artigo 90.2 da LRBRL, que prevé que as entidades locais formularán publicamente a súa oferta de emprego, axustándose ós criterios fixados na normativa estatal básica e no artigo 128.1 do TRRL, que engade que a OPE aprobarase e publicárase no prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e ós criterios que regulamentariamente se establezan en desenvolvemento da normativa básica estatal, para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas.

Pola súa parte, o artigo 70 do TREBEP, establece que as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da OPE, ou outro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un 10% adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da OPE ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos; aprobarase anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas e deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente. A OPE poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.

Neste caso, por Decreto da Alcaldía de data 26/12/2023, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para 2023, que comprende as prazas vacantes dotadas no Orzamento da Corporación que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, e cumprindo as taxas de reposición a que se refire o artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, e que comprende, entre outras, a seguinte praza:

| Praza              | Tipo de vínculo xurídico<br>(funcionario de<br>carreira/persoal laboral fixo) | Código RPT   | Número de<br>prazas ofertadas |
|--------------------|-------------------------------------------------------------------------------|--------------|-------------------------------|
| Capataz de xardíns | Persoal laboral fixo                                                          | 07.172.00.02 | 1 (por promoción<br>interna)  |

A referida Oferta de Emprego Público foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 34 do 16 de febreiro do 2024, e no Boletín Oficial da Provincia número 247 do 29 de decembro do 2023.

**Polo exposto, estase a cumprir co requisito da existencia da OPE na que se inclúe a praza obxecto deste informe.**

**CUARTA.- Principios dos procedementos de selección.**



A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia). Tendo en conta en todo caso que:

- Poderán participar nos procesos selectivos todos os cidadáns que reúnan os requisitos previstos nos artigos 56 do TREBEP, e 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- O procedemento de selección axustarase ao disposto na lexislación básica do Estado sobre función pública (artigo 133 TRRL).
- O procedemento terá carácter aberto, sendo as convocatorias libres, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas no TREBEP e no TRRL. Ademais deberán respectar os requisitos esixidos no artigo 61 do TREBEP.
- As probas de selección rexeranse polas bases que aprobe a Alcaldía, a quen corresponderá a súa convocatoria (artigos 21.1.g) e 102.1 da LRBRL).
- Os anuncios das convocatorias de probas de acceso á función pública local deberán publicarse no Boletín Oficial do Estado e no diario oficial correspondente e as Bases no Boletín Oficial da Provincia e no diario oficial correspondente (artigos 97 LRBRL e 58.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).
- Nas probas selectivas, o tribunal ou órgano similar elevará a correspondente relación de aprobados á Alcaldía ou Concellería que por delegación ostente a xefatura directa do persoal que facer o seu nomeamento (artigos 21.1 h) e 102.2 LRBRL, en concordancia co artigo 136 TRRL).
- Os órganos de selección de persoal serán colexiados e a súa composición deberá axustarse ós principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendendo á paridade entre mulleres e homes, sen que poidan formar parte dos mesmos o persoal de elección ou de designación política, nin o persoal funcionario interino ou laboral temporal nin o persoal eventual (artigo 60 TREBEP e 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

#### **QUINTA.- Promoción interna.**

O artigo 18 do TREBEP, regula a promoción interna mediante procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no seu artigo 55.2, esixindo que os funcionarios posúan os requisitos esixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo no inferior Subgrupo, ou Grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña Subgrupo e superar as correspondentes probas selectivas. Os sistemas para realizar a promoción interna articularanse nas Leis de Función Pública que as Comunidades Autónomas diten no seu desenvolvemento. As Administracións Públicas





adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional.

**O artigo 19 do TREBEP, dispón que o persoal laboral terá dereito á promoción profesional, que se fará efectiva, xunto coa carreira profesional, a través dos procedementos previstos no Estatuto dos Traballadores ou nos convenios colectivos.**

En virtude da autorización do artigo 18 do EBEP, o artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a promoción interna vertical do persoal funcionario de carreira, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este teña subgrupo, a outro superior. Dispón este precepto que:

1.- Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, un mínimo dun vinte a cinco por cento das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, inmediatamente inferior que reúna os seguintes requisitos:

a) Posuír a titulación e os demais requisitos esixidos.

b) Ter prestados servizos efectivos na condición de persoal funcionario durante polo menos dous anos no subgrupo ou grupo de clasificación profesional desde o que se pretenda promocionar.

c) Non superar a idade de xubilación forzosa.

As prazas reservadas para a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria.

2.- Así mesmo, o persoal funcionario dos corpos ou escalas do subgrupo de clasificación profesional C1 pode participar nos procesos selectivos de promoción interna para o acceso aos corpos ou escalas do subgrupo A2, sempre que cumpra os requisitos establecidos na alínea anterior.

Nas mesmas condicións, o persoal funcionario das agrupacións profesionais de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode participar nos procesos de promoción interna para o acceso aos corpos ou escalas do subgrupo C2.

3.- As convocatorias dos procesos selectivos poderán eximir total ou parcialmente ó persoal que participe nelas polo sistema de promoción interna vertical dalgunha das probas selectivas esixidas ao persoal de novo ingreso e/ou reducir parte do temario. En todo caso, as probas para cubrir as prazas reservadas para a promoción interna vertical respectarán os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais establecidos nos artigos 49 e 55 desta lei, e poderanse levar a cabo en convocatorias independentes das de ingreso cando, por conveniencia da planificación xeral dos recursos humanos, así o autorice o Consello da Xunta de Galicia ou o órgano competente da Administración pública respectiva.

Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna preverase unha puntuación específica para quen estea a utilizar ou utilizase nos últimos cinco anos unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares. A puntuación asinada será proporcional ó tempo de duración do permiso, redución ou excedencia gozado en cada caso.

4.- O persoal funcionario que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical ten preferencia sobre o persoal de novo ingreso na provisión dos postos vacantes ofertados, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria. Malia o anterior, a convocatoria do proceso selectivo poderá prever a



permanencia no posto de traballo do persoal que promocióne, cando ocupe con carácter definitivo un posto aberto á provisión polo corpo ou a escala a que acceda.

5.- O persoal funcionario que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical ten dereito ao recoñecemento, nos termos que regulamentariamente se determinen, da progresión na carreira profesional que acadase no corpo ou escala de procedencia e a manter o nivel retributivo vinculado a esa progresión. Asemade, o tempo de servizos prestados no corpo ou escala de procedencia será aplicable, de ser o caso, para a progresión na carreira profesional no novo corpo ou escala.

O previsto nesta alínea é tamén aplicable ao persoal funcionario que acceda por integración a outro corpo ou escala do mesmo ou superior subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo.

**O artigo 82 da Lei 2/2015, dispón que a carreira profesional e a promoción do persoal laboral faranse efectivas a través dos procedementos previstos na lexislación laboral e nos convenios colectivos.**

**O artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aprobe o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, dispón que os ascensos dentro do sistema de clasificación profesional produciranse conforme ó que se estableza en convenio ou, no seu defecto, en acordo colectivo entre a empresa e os representantes dos traballadores.** En todo caso os ascensos produciranse tendo en conta a formación, méritos, antigüidade do traballador, así como as facultades organizativas do empresario. Os ascensos e a promoción profesional na empresa axustaranse a criterios e sistemas que teñan como obxectivo garantir a ausencia de discriminación, tanto directa como indirecta, entre mulleres e homes, podendo establecerse medidas de acción positiva dirixidas a eliminar ou compensar situacións de discriminación.

**O artigo 40.4 do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Ribeira dispón o seguinte en relación á promoción interna vertical:**

*“1.- A promoción interna consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no caso de que esta non teña subgrupo, a outro superior.*

*2.- Os/as empregados/as deberán posuír os requisitos esixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo no inferior subgrupo, ou grupo de clasificación profesional, no caso de que esta non teña subgrupo, e superar as correspondentes probas selectivas.*

*3.- A promoción interna realizarase mediante procesos selectivos reservando un mínimo dun 25% das vacantes convocadas para persoal pertencente a corpos ou escalas do grupo inmediatamente inferior, e deberán garantir o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como a publicidade das convocatorias e das súas bases, transparencia, imparcialidade, profesionalidade, independencia e discrecionalidade na súa actuación por parte dos membros dos órganos de selección.*

*4.- O persoal que acceda a outros corpos ou escalas polo sistema de promoción interna terán, en todo caso, preferencia para cubrir os postos vacantes ofertados sobre os aspirantes que non procedan desta quenda.*

*Ademais, os aspirantes que superen tal proceso selectivo poderán tomar posesión da praza que xa viñesen desempeñando con carácter definitivo cando o nivel desta se encontre incluído no intervalo de niveis do corpo e grupo ao que accedan.*

*Igualmente, os aspirantes aprobados na quenda de promoción interna poderán solicitar que se lles adxudique destino no posto que viñesen desempeñando ou noutros postos vacantes dotados orzamentariamente, sempre que sexan de necesaria cobertura e se cumpran os requisitos establecidos na relación de postos de traballo. Neste caso, quedarán*



excluídos do sistema de adxudicación de destinos pola orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

As prazas reservadas a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre.

5.- Así mesmo, o persoal que acceda a outros corpos ou escalas polo sistema de promoción interna conservarán o seu grao persoal que xa consolidasen no corpo ou na escala de procedencia, sempre que estea incluído no intervalo de niveis correspondente ao novo corpo ou escala, e o tempo de servizos prestados naqueles será aplicable, se é o caso, para a consolidación do grao persoal neste."

#### **SEXTA.- Sistemas selectivos.**

Con carácter básico, o artigo 19.2 do TREBEP, establece que: "A carreira profesional e a promoción do persoal laboral farase efectiva a través dos procedementos previstos no Estatuto dos Traballadores ou nos convenios colectivos."

O artigo 61 do TREBEP permite para o acceso do persoal laboral fixo tanto a oposición, concurso-oposición ou concurso de valoración de méritos, así o dispón no seu apartado 7: "**Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos.** As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos."

Así mesmo, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinala no seu artigo 57 o seguinte: "**2. O persoal laboral fixo pode ser seleccionado polos sistemas de oposición ou concurso-oposición, coas características establecidas no artigo anterior ou, excepcionalmente, polo sistema de concurso de valoración de méritos.** As Administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen a actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos do persoal laboral."

E no seu artigo 205, incluído no Título X da Lei e referido ás especialidades do persoal ao servizo das entidades locais, dispónse que: "1. Cada entidade local levará a cabo os procesos de selección do seu persoal propio, de acordo coas regras básicas, en particular en materia de titulación, e cos programas mínimos fixados pola lexislación básica do Estado, e mais co disposto por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento. 2. Os procesos de selección e os procedementos de provisión de postos de traballo do persoal propio das entidades locais réxense polas bases que aprobe o órgano da entidade local que resulte competente consonte a lexislación de réxime local, a quen corresponderá tamén a convocatoria. 3. Malia o previsto nas alíneas anteriores, as entidades locais, por acordo do pleno, poderán encomendar á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e selección do seu persoal. Neste caso, a consellería competente en materia de Administración local aprobará as bases e as convocatorias e efectuará os correspondentes procesos selectivos no marco do establecido pola encomenda e por esta lei. 4. Os anuncios de convocatorias de probas de acceso ao emprego público local e dos procedementos para a provisión de postos de traballo deben publicarse no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases publicaranse no boletín oficial da provincia. 5. O nomeamento das persoas que superen o correspondente procedemento selectivo corresponderá ao órgano que, consonte a lexislación de réxime local, exerza a xefatura directa do persoal."



Polo exposto, si se permite para o acceso do persoal laboral fixo calquera dos referidos sistemas de acceso (oposición, concurso-oposición ou concurso de méritos), con idéntica razón se permitiría para a promoción interna.

Agora ben, na miña opinión, a posibilidade do emprego do sistema de concurso de méritos debería estar establecida no convenio colectivo. Noutro caso, debería motivarse suficientemente a elección deste sistema pola limitación ó principio de capacidade, recordemos que o artigo 55.1 do TREBEP dispón que todos os cidadáns teñen dereito ó acceso ó emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, principios que son aplicables a todo o emprego público.

A este respecto, o mencionado **artigo 40.4 do Convenio Colectivo do persoal laboral** ao servizo do Concello de Ribeira, recollido literalmente neste informe e que regula a promoción interna vertical, **non establece a posibilidade do emprego do concurso de méritos, mencionando expresamente a necesidade de superación das correspondentes probas selectivas**. Así mesmo, o artigo 40.5 da norma convencional, recolle expresamente a necesidade de superación das probas de capacidade que se determinen en cada convocatoria, cando se refire á promoción interna horizontal.

Cómpre mencionar a este respecto, a **Sentenza do Tribunal Constitucional de 08/02/2022**, sobre a promoción directa por unha norma con rango de lei autonómica, que reflexiona sobre a necesidade de “superar as correspondentes probas selectivas”: “4. (...) *El derecho a la promoción interna comprende la posibilidad de ascenso al grupo inmediatamente superior al que pertenece el funcionario, lo que afecta a los dos principios rectores de la función pública: la consideración de los títulos académicos exigidos para el acceso como criterio taxonómico para clasificar los cuerpos, escalas, clases y categorías de funcionarios, y el mandato de que la promoción interna atienda a los requisitos exigidos para acceder a la función pública, entre los que se encuentra, además de la titulación necesaria, la imprescindible superación de pruebas selectivas. (...).*”

De conformidade co referido, enténdese que non podería utilizarse o sistema de concurso para o acceso ou promoción do persoal laboral, ó non estar establecido no convenio colectivo, e non constar motivación suficiente para a elección deste sistema. Polo contrario, si pode utilizarse o concurso-oposición, ó ser un sistema que inclúe probas de capacidade.

#### **SÉTIMA.- Regras básicas e programas mínimos no procedemento de selección.**

As regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección e formación dos funcionarios e os títulos académicos requiridos para tomar parte nas probas selectivas serán os establecidos pola Administración do Estado (artigo 100.2 LRRL).

É de aplicación, polo tanto, o Real Decreto 896/1991, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local. O seu contido ten a consideración de normativa básica, no sentido previsto no artigo 149.1.18ª da CE, a excepción dos artigos e/ou apartados que se detallan na súa Disposición Final Primeira. Cabe destacar as seguintes particularidades:

- O contido do anuncio da convocatoria que se publique no Boletín Oficial do Estado terá o contido previsto no artigo 6.2.



- A resolución das probas selectivas e os correspondentes nomeamentos efectuaranse de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante (artigo 7).
- Os programas dos exercicios teóricos de selección serán aprobados por cada Concello e conterán materias comúns e materias específicas na proporción que determine a convocatoria (artigo 8.1).
- O contido mínimo dos programas será o establecido no artigo 8.2. A súa extensión e profundidade adecuarase ós niveis de titulación esixidos e á especialidade profesional da correspondente Escala, Subescala ou Clase de funcionarios. Cada concello poderá engadir os temas que considere necesarios para garantir a selección dos/as aspirantes mais cualificados para o desempeño das prazas convocadas (artigo 8.4).
- O número mínimo de temas en que deberán desenvolverse os contidos mínimos será o esixido polo artigo 8.3 (20 temas para o ingreso no Grupo D).
- As probas selectivas comprenderán, segundo a natureza e características das prazas convocadas, un ou varios exercicios prácticos, test psicotécnicos, mecanografía, tratamento de textos, redacción de informes e proxectos, solución de supostos e outros similares que se consideren axeitados para xulgar a preparación dos/as aspirantes en relación aos postos de traballo a desempeñar (artigo 9).

Non obstante, cómpre ter en conta o disposto nos artigos 77 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo e 80.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que establecen a exención na fase de oposición das probas encamiñadas a acreditar os coñecementos xa esixidos no corpo ou escala de orixe e reducir o temario:

- Artigo 77 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo: *“En las convocatorias podrá establecerse la exención de las pruebas sobre aquellas materias cuyo conocimiento se haya acreditado suficientemente en las de ingreso al Cuerpo o Escala de origen.*
- Artigo 80.3 da Lei 2/2025, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: *“As convocatorias dos proceso selectivos poderán eximir total ou parcialmente o persoal que participe neles polo sistema de promoción interna vertical dalguna das probas selectivas exixidas ao persoal de novo ingreso e/ou reducir parte do temario. En todo caso, as probas para cubrir as prazas reservadas para a promoción interna vertical respectarán os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais establecidos nos artigos 49 e 55 desta lei, e poderanse levar a cabo en convocatorias independentes das de ingreso cando, por conveniencia da planificación xeral dos recursos humanos, así o autorice o Consello da Xunta de Galicia ou o órgano competente da Administración pública respectiva.”*

Enténdese que estes artigos son de aplicación ás convocatorias dos procesos selectivos de promoción interna do persoal laboral, en atención ó disposto polo artigo 40.7 do Convenio Colectivo do Concello de Ribeira para persoal laboral: “A provisión de postos do persoal laboral realizarase de conformidade co establecido no presente acordo e, subsidiariamente, polo sistema de provisión de postos do persoal funcionario.”

**OITAVA.- Órgano municipal competente.**





O órgano municipal competente para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal é o alcalde, segundo o disposto no artigo 21.1g) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 20/10/2025.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/12/2025, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/01/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** Aprobar as bases que a continuación se transcriben para cubrir en propiedade, por promoción interna, unha praza de CAPATAZ DE XARDÍNS do departamento de medio ambiente, espazos verdes/naturais e xardíns (persoal laboral fixo, código RPT vixente 07.172.00.02) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2023.

**Segundo.-** Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e 204.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publicándose o anuncio da súa convocatoria no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

**Terceiro.-** Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POR PROMOCIÓN INTERNA, UNHA PRAZA DE CAPATAZ DE XARDÍNS PARA O DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE, ESPAZOS VERDES/NATURAIS E XARDÍNS EN DESENVOLVEMENTO DA OPE 2023.**

A presente convocatoria constitúe o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2023, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 26/12/2023 e publicada no DOG número 34 do 16/12/2024 e no BOP da Coruña número 247 do 29/12/2023, e réxese polas seguintes normas:

**1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto desta convocatoria a cobertura en propiedade, a través do sistema selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN por PROMOCIÓN INTERNA, dunha praza de CAPATAZ DE XARDÍNS, pertencente ó cadro de persoal laboral, grupo IV, nivel 16.

De conformidade co disposto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Ribeira, aprobada na data 27/03/2023, a praza está adscrita ao departamento de medio ambiente, espazos verdes/naturais e xardíns, código 07.172.00.02.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

As funcións propias do posto obxecto da convocatoria, segundo dispón a relación de postos de traballo vixente son as seguintes:

- Asumir a supervisión da actividade da sección, coordinando as actuacións da mesma.
- Organizar e dirixir o traballo do persoal adscrito á sección.
- Realizar o seguimento das actuacións materiais da sección, supervisando e coordinando as mesmas con outras unidades ou departamentos cando sexa preciso.
- Colaborar e participar activamente nas actuacións materiais da sección, realizando tarefas propias da súa capacitación profesional.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.





## 2ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) **Ter a nacionalidade española**, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) **Ter feitos os 16 anos** e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) **Ser persoal ó servizo do Concello de Ribeira, coa condición actual de persoal laboral fixo, pertencente ó grupo V.**
- d) **Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) **da seguinte titulación: graduado en ESO ou equivalente**, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación.

- e) **Ter prestado servizos efectivos como persoal laboral fixo pertencente ó grupo V desde o que se promociona, durante un período mínimo de dous anos.**
- f) **Estar en posesión do permiso de conducir da clase B**, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- g) **Estar en posesión do Celga 2** ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007. No seu defecto, ó/á aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.
- h) **Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.** A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de ser o caso, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.
- i) **Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade**, conforme á normativa vixente.
- j) **Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública** ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, **nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta** ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros Estados, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.



Todos os requisitos esixidos nesta Base deberán cumprirse polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión.

### 3ª.- TAXA POR DEREITOS DE EXAME.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 12,18 € de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal situado na Praza dos Mariñeiros (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas).
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓNS, seleccionando as seguintes opcións:
  - Tributo: **Dereitos de exame.**
  - A liquidar: **Grupo D ou asimilado.**
  - Observacións: Nome da praza á que se opta."

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: "*Pagar on line*", ou "*imprimir recibo*" e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

### 4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO II nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta Convocatoria.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado. Igualmente coas solicitudes nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 03 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudo e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas. O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

As ditas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) durante o prazo de **VINTE DÍAS NATURAIS, QUE SE INICIARÁ O DÍA SEGUINTE Ó DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA NO BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO**. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da sede electrónica do Concello de Ribeira (<https://sede.ribeira.gal>).

**Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:**

- a) Xustificante do ingreso da taxa dos dereitos de exame.
- b) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- c) Copia da titulación académica esixida na letra d) da Base 2ª.



- d) Certificado de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado, así coma solicitude de adaptación de tempos e medios, de ser o caso.
- e) Copia do permiso de conducir da clase B.
- f) A acreditación do coñecemento da lingua galega se se dispón dela. En caso contrario a persoa aspirante terá que realizar a proba do coñecemento do idioma galego.
- g) Relación dos méritos que se acrediten por cada un dos apartados de que conste o concurso, en modelo que se engade como Anexo III.
- h) Documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes. Dita documentación deberá ir ordenada e numerada segundo a orde establecida nesta convocatoria.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### 5ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

As presentes Bases publicaranse no BOP, e a convocatoria correspondente ás mesmas, efectuarase a través de anuncios no BOP, DOG e BOE, conxuntamente coa súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse o serán a través do BOP e taboleiro de anuncios (sede electrónica). As relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través do taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias faranse a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral do procedemento administrativo, tal e como se especifica na Base 4ª desta convocatoria.

A información de carácter persoal contida nas publicacións que se realicen será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

#### 6ª.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicárase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

Os/as aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de 10 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación. En ningún caso serán obxecto de emenda ou mellora a documentación achegada para a fase de concurso.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

Na mesma resolución serán resoltas as reclamacións que se formularan á lista provisional, e determinarase o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.

De non presentarse reclamacións á lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva, facéndose constar tal circunstancia no anuncio antes referido.



Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva poderán os/as interesados/as interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición do/a interesado.

#### **7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ó mesmo será sempre a título individual, sen que poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer de persoas asesores especialistas para as probas, que serán nomeados pola Alcaldía-Presidencia, así como de persoal de soporte e apoio que sexa necesario para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. Os asesores especialistas colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para vulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador, adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos do Tribunal Cualificador poderase interpoñer o seguinte recurso:

Contra as propostas finais dos/as aspirantes aprobados e, en xeral, contra os actos de trámite, si estes últimos deciden, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a



dereitos e intereses lexítimos, e que no esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte o da súa notificación, ou da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e todo elo sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro que estime pertinente.

#### 8ª.- PROCESO SELECTIVO.

A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

##### 8.1. Sistema de Selección:

O sistema de selección é do de **CONCURSO-OPOSICIÓN** que consistirá na realización das fases que se refiren a continuación:

##### 8.1.1. Fase de concurso de méritos.

Con anterioridade á fase de oposición, procederase á avaliación da fase de concurso. Non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do Tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes. Valorarase ata un máximo de 15,5 puntos. A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirase en sesión non pública para proceder á súa valoración. Soamente teranse en conta os documentos acreditativos que aqueles/as presentasen ata o peche do prazo da convocatoria, sen que poidan presentarse méritos en período de corrección. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento de finalización do prazo de presentación de instancias. Con todo, non será necesario presentar documentos que xa se atopen en poder desta Administración, o cal deberá ser alegado expresamente polo/a aspirante.

##### a) Experiencia profesional:

- Experiencia a valorar: Valoraranse os servizos prestados como capataz de xardíns, en calquera Administración Pública, e na condición de empregado público (laboral ou funcionario/a). A estes efectos, tomarase sempre como referencia o Informe de Vida Laboral e teranse en conta única e exclusivamente os días traballados que figuren no citado informe, procedendo da forma seguinte: sumaranse os días que se correspondan co tempo traballado no posto de capataz de xardíns e o seu resultado dividirase por 30 (media de días que ten un mes), multiplicando o resultado desta división por 0,10. Valoraranse os servizos prestados como operario/a de xardíns, en calquera Administración Pública, e na condición de empregado público (laboral ou funcionario/a). A estes efectos tomarase sempre como referencia o Informe de Vida Laboral e teranse en conta única e exclusivamente os días traballados que figuren no citado informe, procedendo da forma seguinte: sumaranse os días que se correspondan co tempo traballado no posto de operario/a e o seu resultado dividirase por 30 (media de días que ten un mes), multiplicando o resultado desta división por 0,05.
- Forma de acreditación: A experiencia laboral acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dun certificado da Administración Pública de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e fin. A non presentación de ámbolos dous documentos (**Vida Laboral + certificado da Administración Pública de procedencia**) suporá a non valoración do mérito alegado. Si esta certificación debера ser expedida polo Concello de Ribeira, a persoa solicitante non deberá aportala, facéndoo constar o/a aspirante na solicitude e sendo o propio Concello quen o aporte ao procedemento como si o houbera



presentado a propia persoa interesada, e con carácter previo ó momento no que se valoren os méritos.

- Puntuación máxima por este apartado: 12 puntos.

**b) Cursos de formación e perfeccionamento:**

- Cursos a valorar: Valorarase a realización, como alumno/a, de cursos ou actividades formativas impartidos por unha Administración Pública, por unha Universidade, por Colexios Profesionais, por Institutos ou Escolas Oficiais ou por unha Organización Sindical, sempre que se atopen relacionados coa praza á que se opta.

Non se valorarán os cursos ou accións formativas impartidos por unha entidade privada, agás que se realicen no ámbito da Formación para o Emprego ou no ámbito dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas, e contén coa colaboración dunha Administración Pública. O seu contido tamén ten que estar relacionado coa praza á que se opta.

No caso de que non se especifiquen o número de horas de duración, ou no caso de cursos de duración inferior a 5 horas, non se concederá puntuación algunha. Tampouco se puntuarán os certificados de asistencia a congresos, charlas, xornadas ou similar estean ou non relacionados co posto de traballo, nin as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica, nin os módulos ou partes integrantes dun curso.

Así mesmo, valoraranse os cursos considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega (a excepción dos títulos acreditativos do coñecemento da lingua galega esixidos como requisito para a participación no proceso selectivo do posto ó que se opta), os relacionados coa saúde laboral e prevención de riscos laborais, cos dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos, co procedemento administrativo común, coa transparencia, coa igualdade e violencia de xénero, a protección de datos, a atención ao cidadán e habilidades comunicativas e sociais, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral, os idiomas (agás o coñecemento da lingua galega ao tratarse dun requisito non dun mérito) e os de contido ofimática e informática.

- Por cursos de duración comprendida entre 5 e 20 horas: 0,35 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 21 e 40 horas: 0,55 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 41 e 60 horas: 0,75 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 61 e 100 horas: 0,95 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas: 1,25 puntos.
- Forma de acreditación: Realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido polo organismo correspondente.
- Puntuación máxima por este apartado: 3 puntos.

**c) Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia:**

- Permiso por parto: 0,05 puntos por permiso, cun máximo de 0,20 puntos.
- Permiso por adopción: 0,05 puntos por permiso, cun máximo de 0,20 puntos.
- Permiso por garda con fins de adopción ou acollemento: 0,025 puntos por permiso, cun máximo de 0,10 puntos.
- Redución de xornada: 0,016 puntos por mes completo de redución, ata un máximo de 0,20 puntos.
- Excedencia para o coidado de familiares: 0,005 puntos por mes completo de excedencia ata un máximo de 0,20 puntos.





- Forma de acreditación: Realizárase mediante a correspondente resolución administrativa de outorgamento do correspondente permiso, redución de xornada ou concesión da excedencia.
- Puntuación máxima por este apartado: 0,50 puntos.

#### **8.1.2. Fase de oposición.**

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:

- a) **Primeiro exercicio.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en responder por escrito, no tempo máximo de 60 minutos, un cuestionario de 30 preguntas que poderán ser soamente tipo test con catro respostas alternativas, sendo só unha delas a correcta, ou tamén poderá incluír preguntas curtas cunha única resposta a redactar polo/a aspirante. Tamén haberá que responder 5 preguntas adicionais de reserva. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria que se recolle no Anexo I.
- O exercicio será cualificado de 0 a 30 puntos (a razón de 1 punto por cada resposta correcta), sendo necesario alcanzar un mínimo de 15 puntos (15 respostas correctas) para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados/as. Unha vez realizado o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica), fixando, así mesmo, a data de realización do segundo exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de "NON APTO/A".
- b) **Segundo exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixido á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO". De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos/as da realización desta proba os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado CELGA 2, a validación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.

#### **8.1.2.1. Desenvolvemento das probas da oposición.**

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e, de resultar necesario, dos colaboradores e especialistas designados.

Os/as aspirantes serán convocados por orde alfabética do primeiro apelido para cada exercicio en chamamento único, de maneira que quen non compareza será excluído.

Para a realización dos exercicios, farase un chamamento a viva voz, e declararase decaído no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído do proceso selectivo. Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante á/s sala/s ou aula/s na/s que esta teña lugar. Tampouco se permitirá a incorporación de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.

Os/as aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impidise acudir, excepto que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.

As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coas súa situación.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.



Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

Dende a terminación dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

#### **8.1.3. Presentación de reclamacións.**

Contra a valoración provisional da fase de concurso, os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal. Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na valoración e procederase á publicación definitiva no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba da fase de oposición. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén pode consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao correo electrónico [maria.sieira.rios@ribeira.gal](mailto:maria.sieira.rios@ribeira.gal), a condición de que consta a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

#### **9ª.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal determinará a relación dos/as aspirantes por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de nomeamento a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación mais alta, obtida como resultado da suma das puntuacións acadadas nas dúas fases do proceso selectivo. O tribunal non poderá facer proposta de nomeamento a favor dun número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

Non obstante ó anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes ao de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan á proposta, para o seu posible nomeamento como persoal laboral fixo.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ós/ás aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame dedúzase que carecen dos requisitos indicados na base 2ª da presente convocatoria.

O tribunal poderá declarar deserta a praza obxecto da presente convocatoria que non resulte cuberta á súa finalización por non superar o proceso selectivo un número suficiente de aspirantes.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade: 1ª) a nota máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición; 2ª) a puntuación máis alta no apartado de experiencia profesional da fase de concurso; e 3ª) a puntuación mais alta no apartado de formación da fase de concurso.



De persistir o empate, este resolverase por sorteo cuxa realización se anunciará a fin de garantir presenza voluntaria dos/as aspirantes afectados/as, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración.

#### 10ª DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DO/A ASPIRANTE PROPOSTO/A.

O/a candidato/a finalista que fose proposto/a polo tribunal para ocupar a praza convocada deberá achegar, no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir a praza convocada, que serán os indicados na Base 2ª da presente convocatoria.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia.

#### 11ª.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Rematado o proceso selectivo, e á vista da documentación presentada, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como persoal laboral fixo ao aspirante correspondente notificándolle a tal efecto. Esta resolución do alcalde publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

A formalización do contrato efectuarase no prazo dun mes, a partir da referida publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

Previamente á sinatura do contrato, o/a aspirante contratado/a deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

#### 12ª NORMAS FINAIS.

Primeira.- Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, ó tribunal encargado de xulgar os procesos e ás persoas que nel participan.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

#### ANEXO I: TEMARIO

1. Seguridade e saúde no traballo: Medidas de seguridade nos traballos de xardinería. Equipos de protección individual e colectiva.
2. O Concello de Ribeira. Caracterización xeral do núcleo e do termo municipal: xardíns e espazos verdes. Organización municipal. Servizos públicos que presta.
3. Organización do traballo en equipo: planificación e distribución de tarefas. Supervisión das tarefas e resultado.



4. O solo: características. Tipos de solos e aptitude para a xardinería. Principais labores de mantemento en xardinería pública.
5. Recoñecemento de especies en xardíns da zona atlántica.
6. As plantas en xardinería: especies, usos e necesidades de cultivo.
7. Substratos. Materiais e propiedades.
8. Fertilización: Abonos e fertilizantes: tipos, propiedades e usos.
9. Principais pragas e enfermidades no xardín. Métodos de loita.
10. Produtos fitosanitarios. Normativa. Boas prácticas na súa aplicación.
11. Sistemas de rego: tipos e características. Mantemento de instalacións.
12. Céspedes: principais especies utilizadas, plantación e sementeira, labores de mantemento.
13. Plantación de árbores, arbustos e setos. Plantación de plantas de temporada.
14. Poda de árbores, arbustos e palmeiras. Transplantes.
15. Ferramenta e maquinaria: tipos de ferramentas, usos, aplicacións e mantemento.

**ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE.**

| DATOS PERSOAIS                                           |            |            |
|----------------------------------------------------------|------------|------------|
| APELLIDOS E NOME:                                        |            |            |
| DNI:                                                     |            |            |
| ENDEREZO:                                                |            |            |
| Rúa:                                                     |            |            |
| Código Postal:                                           | Municipio: | Provincia: |
| Teléfono de contacto:                                    |            |            |
| Conta de correo electrónica [campo non obrigatorio] (*): |            |            |

| DATOS DA PRAZA                   |
|----------------------------------|
| DENOMINACIÓN: CAPATAZ DE XARDÍNS |
| GRUPO: IV                        |
| CÓDIGO RPT: 07.172.00.02         |



|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |     |      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|------|
| <b>EXPOÑO:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |     |      |
| <p>Á vista da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura das prazas incluídas na oferta de Emprego público do Concello de Ribeira para o ano 2023, publicada no BOP da Coruña número 247 de data 29/12/2023:</p> <p><b>DECLARO</b> reunir todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria e, así mesmo, declaro non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dito posto e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme e co coñecemento e expresa aceptación de todos os termos da mesma.</p> <p><b>SOLICITO</b> a miña participación no proceso de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.</p> |     |      |
| <b>Dispoño dun título acreditativo do nivel de lingua galega</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | SI: | NON: |
| <b>Solicito certificación de antigüidade:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | SI: | NON: |
| <p><b>Documentación que se achega xunto coa solicitude:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Xustificante do ingreso das taxas do proceso selectivo.</li> <li>➤ DNI</li> <li>➤ Titulación académica esixida.</li> <li>➤ Certificado de discapacidade (no seu caso).</li> <li>➤ Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega.</li> <li>➤ Relación de méritos.</li> <li>➤ Documentación xustificativa dos méritos alegados.</li> <li>➤ Outra (indicar):</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |     |      |
| <p><b>Lugar, data e sinatura:</b></p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |     |      |

### ANEXO III: MODELO DE RELACIÓN DE MÉRITOS

|                           |  |
|---------------------------|--|
| <b>Nome e Apelidos</b>    |  |
| <b>D.N.I.</b>             |  |
| <b>Enderezo</b>           |  |
| <b>Correo electrónico</b> |  |
| <b>Teléfono</b>           |  |



**RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS NO PROCEDEMENTO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POR PROMOCIÓN INTERNA, DUNHA PRAZA DE CAPATAZ DE XARDÍNS DO DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE, ESPAZOS VERDES/NATURAIS E XARDÍNS**

|     |
|-----|
| 1.  |
| 2.  |
| 3.  |
| 4.  |
| 5.  |
| 6.  |
| 7.  |
| 8.  |
| 9.  |
| 10. |
| 11. |
| 12. |
| 13. |
| 14. |
| 15. |

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

